

# Actas do **S**impósio Ricardo **Carvalho** Calero Memoria do **S**éculo

Edición de  
Teresa López e Francisco Salinas



Editan:

© **Departamento de Galego-Portugués,  
Francés e Lingüística  
da Universidade da Coruña**  
Campus de Elviña, s/n. A Coruña

© **Asociación Sócio-Pedagóxica Galega**  
r/ Laracha, 9, entrechán  
15010 A Coruña  
Teléfono e fax: 981 27 82 59

Deseño gráfico do Simposio: Torné Asociados

Deseño da edición e maquetación: Antonio Souto

Impresión: Imprenta Provincial

Dep. Legal: C-617-02

I.S.B.N.: 84-89679-66-5

I.S.B.N.: 978-84-9749-767-1 (electrónico)

DOI: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497497671>

Actas do **S**impósio  
Ricardo **C**arvalho Calero  
Memoria do **S**éculo

Edición de Teresa López e Francisco Salinas

Organizan:



Colaboran:



# Organización

---

Departamento de Galego-Portugués,  
Francés e Lingüística da Universidade da Coruña  
Asociación Sócio-Pedagóxica Galega

## Presidencia de Honra

---

M<sup>a</sup> Ignacia Ramos.

## Comité Científico

---

Prof<sup>a</sup> Doutora M<sup>a</sup> Victoria Carballo-Calero Ramos (Universidade de Vigo).  
Isaac Díaz Pardo.  
Francisco Fernández del Riego.  
Prof. Doutor Justo González Beramendi (Universidade de Santiago de Compostela).  
Prof. Doutor Basilio Losada Castro (Universitat de Barcelona).  
Prof<sup>a</sup> Doutora María Camino Noia Campos (Universidade de Vigo).  
Prof. Doutor José Luis Rodríguez Fernández (Universidade de Santiago de Compostela).  
Prof. Doutor Jurjo Torres Santomé (Universidade da Coruña).

## Comité Organizador

---

**Coordenación:** Teresa López (Universidade da Coruña), Francisco Salinas Portugal (Universidade da Coruña).

**Presidente:** Carlos Paulo Martínez Pereiro (Universidade da Coruña).

**Vicepresidente:** Alberte Ansede (Asociación Sócio-Pedagóxica Galega).

**Vogais:** Pola Universidade da Coruña: Manuel Ferreiro, Xosé Ramón Freixeiro, Elisardo López Varela, Luciano Rodríguez, Goretti Sanmartín e Laura Tato.

Pola Asociación Sócio-Pedagóxica Galega: Xoán Costa, Teresa Fiaño, Anxo Gómez Sánchez e M<sup>a</sup> Xosé Bravo.

**Secretario:** Xosé Manuel Sánchez Rei (Universidade da Coruña)

**Secretaría do Simposio:** María Calvo, Xoán Carlos Lagares.

# Índice

<b>Presentación</b>	7
<b>Prólogo</b>	
José Luis Meilán Gil .....	9
<b>Conferencia Inaugural</b>	
Ricardo Carvalho Calero, Gallaecia Magna. José Luís Rodríguez .....	11
<b>A investigación lingüística e literaria</b>	29
<b>Como sair do cerco. A legitimación galeguista da Literatura Galega por Carvalho Calero e a génese da súa centralidade no campo da crítica literaria.</b> Elias J. Torres Feijó ....	31
<b>A obra lingüística de Carvalho Calero.</b> Ramón Mariño Paz .....	67
<b>A narrativa</b>	107
<b>A narrativa de Carvalho Calero na encrucillada dos anos cincuenta.</b> Manuel Forcadela .....	109
<b>A descrición na obra narrativa de Carvalho Calero. Análise retórica e hermenéutica.</b> Arturo Casas .....	119
<b>Do carácter híbrido na narrativa breve de Carvalho Calero. (Da ambigua verdade intempestiva de <i>Aos amores seródios</i>).</b> Carlos Paulo Martínez Pereiro.....	137
<b>A poesía</b>	161
<b>O discurso metapoético de Ricardo Carvalho Calero.</b> Xosé María Álvarez Cáccamo .....	163
<b>As pegadas de Manoel Antonio na poesía de Ricardo Carvalho Calero.</b> Kathleen March ....	171
<b>Carvalho Calero. Mitos para un exilio.</b> Pilar Pallarés .....	183
<b>O teatro</b>	203
<b>Carvalho Calero: o Teatro e a Vida.</b> João Guisan Seixas .....	205
<b>Carvalho Calero no diagrama da comunicación dramática. Carballo, poeta dramático e ironista.</b> Araceli Herrero Figueroa .....	227
<b>A intervención política e cultural</b>	249
<b>O compromiso cultural de Carvalho Calero: a reintegración lingüística galego-portuguesa.</b> José-Martinho Montero Santalha .....	251
<b>Reflexións sobre a Segunda República.</b> Xosé Ramón Barreiro Fernández .....	263
<b>Carballo Calero, un xove nacionalista. 1926-1936.</b> Justo Beramendi.....	281
<b>O home</b>	295
<b>Algúns recordos de Carvalho Calero.</b> Isaac Díaz Pardo .....	297
<b>Ricardo Carvalho Calero: a elegancia do intelectual comprometido.</b> Miguel Anxo Fernán-Vello.....	301
<b>O professor, o mestre, o amigo: evocación saudosa.</b> Aurora Marco.....	309
<b>Clausura do Simposio</b>	
<b>Carvalho Calero novelista.</b> Darío Villanueva.....	323
<b>Apéndices</b>	341
<b>Apéndice fotográfico.</b> .....	343
<b>Ricardo Carvalho Calero escribe a Xosé Filgueira Valverde. Dados para a antoloxía da poesía galega do ano 1936.</b> Teresa López.....	349

# 2

## A obra lingüística de Carvalho Calero

Ramón Mariño Paz

Universidade de  
Santiago de Compostela

DOI: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497497671.067>

**E**spero que non se me teña por presuntuoso se dou inicio a esta comunicación con dúas referencias á miña biografía que xulgo convenientes para aqueles que non me coñezan persoalmente, que serán a inmensa maioría dos que me lean. Primeira referencia: non fun alumno de Ricardo Carvalho Calero nin tiven nunca trato con el, polo que as reflexións que conteñen estas páxinas se nutiron sobre todo das diversas lecturas que fixen, e só moi secundaria e anecdoticamente dalgunhas referencias que me chegaron a través de persoas que si mantiveron relación co profesor ferrolán. E segunda referencia autobiográfica: traballo no Instituto da Lingua Galega desde mediados da década dos oitenta e desde hai uns anos formo parte do seu Consello Científico. Ora ben, non por esta segunda circunstancia me sinto impelido a empeñarme na crítica sistemática e inmotivada da obra lingüística de Ricardo Carvalho Calero, como tampouco a caer no ditirambo compensatorio. Teño polo menos o propósito de que a miña intervención fuxa destes dous vicios posibles, que me parecerían igualmente rexeitables e totalmente fóra de lugar. Se gracias á benevolencia dos organizadores deste simposio tiven a honra de ser convocado para expresar aquí as miñas opinións sobre a obra lingüística de Carvalho Calero, creo que debo responder a tal proposta reflexionando e falando en liberdade, dicindo as cousas abertamente, honestamente, como eu as vexo.

Propóñome nas páxinas que seguen elevarme ata o xeral desde o particular, é dicir, situar primeiro a obra lingüística de Ricardo Carvalho Calero no marco da súa enteira produción bibliográfica para posteriormente analiza-la súa significación no marco da historia da lingüística e da historia da lingua galega, e particularmente na da segunda metade do século XX.



## A OBRA LINGÜÍSTICA DE RICARDO CARVALHO CALERO NO MARCO DA SÚA PRODUCCIÓN BIBLIOGRÁFICA

---

### Datos biográficos necesarios

Aínda que obtivo a licenciatura en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela en 1931, cando soamente tiña vinte anos, o mozo Carvalho Calero non se sentía atraído polo exercicio da avogacía, de modo que, como el mesmo declara nas súas conversas con Carme Blanco (1989: 21), os seus anos de estudante de Dereito en Santiago acabaron por converterse na súa lembranza autobiográfica nunha “especie de pasos perdidos”. Xa desde rapaz dera mostras de que as súas inclinacións naturais o levaban polo camiño das letras, polo camiño da filoloxía en sentido amplo, e non polo do dereito (cf. Fernán-Vello / Pillado Mayor: 1986: 71-73). Nos últimos anos da súa existencia, a reflexión sobre o seu rico percorrido vital conducíao á conclusión de que el fora, esencialmente, un poeta. En 1985, a pesar do escepticismo con que declaraba encara-lo concepto de “vocación”, recoñécíalles a Fernán-Vello e a Pillado Mayor (1986: 86) que o máis íntimo da súa personalidade está reflectido na súa poesía e que o máis orixinal da súa narrativa e o seu teatro é aquilo que ten unha raíz lírica. “Sinto como a miña profesón natural –afirmaba- a profesón de creador literario, criador artístico”(Fernán-Vello / Pillado Mayor 1986: 139).

Volto a Ferrol en 1932 despois de rematada a súa experiencia santiaguesa, proseguíu por libre a carreira de Filosofía e Letras, da que xa tiña aprobado o primeiro curso, que daquela era común coa licenciatura de Dereito (Montero Santalha 1993: 53). Obtivo esta segunda licenciatura pola Universidade de Santiago de Compostela en 1936, e na primavera dese mesmo ano viaxou a Madrid para opositar a unha praza de funcionario docente. Foi alí onde o sorprendeu a insurrección militar do 18 de xullo, que abriría para el unha peripecia vital que lle impediría o reencontro familiar ata 1941.

Alonso Montero (1991) afirma que Carvalho Calero, estando preso en Jaén entre 1939 e 1941, impartiu clases de lingua galega que mesmo acabarían dando o froito duns *Elementos de Gramática Galega* que en 1941 redactaría Ramón Guisasaola de la Torre, alumno non galego do profesor ferrolán na cadea. Alonso Montero (1991: 132) engade aínda un dato de interese: “O exemplar manuscrito deste manual de



Gramática tíveno nas miñas mans, non sei se coa emoción debida. Foi en decembro de 1963, en Lugo, no Círculo das Artes. Algún lector lembrará que tal exemplar figurou na Sección de Inéditos na mostra bibliográfica que alí organizamos Epifanio Ramos e mais eu co título de 'Cen anos de literatura galega (1863-1963)'. O exemplar pertencía, obviamente, a don Ricardo Carballo Calero, profesor de Filoloxía Galega na prisión de Santa Úrsula (Jaén) hai medio século". Montero Santalha (1993: 74, 76) cre que é posible que o autor de tal manuscrito non fose outro que Ricardo Carvalho Calero.

Antes de 1966, ano de publicación da primeira edición da *Gramática elemental del gallego común*, as súas publicacións son case exclusivamente literarias, de creación ou de crítica literaria. Pola súa evidente significación académica temos que lembra-lo dato de que en 1954 defendeu na Universidade Central de Madrid a tese de doutoramento titulada *Aportaciones fundamentales a la literatura gallega contemporánea*, publicada pola editorial Gredos en 1955 como *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea*. Nesta orde de cousas tamén é significativo o título da resposta con que Ramón Otero Pedrayo correspondeu ó discurso de ingreso de Ricardo Carvalho Calero na Real Academia Galega, pronunciado o 17 de maio de 1958. A alocución de Otero levou o título de "Resposta ó discurso de ingreso na Academia Galega de don Ricardo Carballo Calero, poeta, ensaísta, crítico, novelista". Á altura de 1958 Otero vía en Carvalho un home do mundo da literatura, non, evidentemente, un lingüista, nin sequera un literato con algunha querencia polos estudos lingüísticos. Era lóxico que así fose, dada a traxectoria intelectual e publicista de Carvalho ata aquel momento.

Creo non me enganar se digo que as páxinas lingüísticas máis importantes que antes do ano 1966 dera ó prelo o noso home foron as que na *Historia da literatura galega contemporánea* (1963) lle dedicara á lingua das obras de diversos autores, e nomeadamente á das obras de Rosalía de Castro, Eduardo Pondal e Manuel Curros Enríquez. Por conseguinte, a primeira obra lingüística importante que publicou -a súa primeira obra lingüística, poderíamos dicir simplemente sen faltarmos á verdade- chegou cando xa andaba entre os 55 e os 56 anos, é dicir, nunha idade madura que era xa case o preludio da vellez. Despois de 1966 foi producindo e presentando con regularidade traballos lingüísticos, mais ben se percibe que no conxunto da súa traxectoria é bastante máis abundante a obra literaria, e desde logo que é tamén moito máis antiga cá entregada á pescuda e á reflexión sobre a lingua. Xa que logo, non vai desencamiñado Montero Santalha (1993: 173)



cando afirma que “o estudo da lingua, na súa dimensión máis genérica como Lingüística ou nos aspectos máis particulares como Filología, constitúe na biografía de Carvalho Calero como unha terceira etapa: aínda que sen rigidez cronolóxica, vem despois da creación literaria e da crítica literaria”. En efecto, a súa entrega á investigación e á divulgación lingüísticas foi un acto da súa idade madura que semella derivar fundamentalmente da súa dedicación profesional á docencia universitaria, como máis adiante veremos ó falarmos da *Gramática elemental del gallego común* (1966a).

No curso 1965-1966 fíxose cargo por primeira vez da materia de Lingua e Literatura Galega, que entón se implantaba para os alumnos de quinto curso de Filoloxía Románica, así como das aulas de Lingua e Literatura Galaico-Portuguesa Medieval, materia optativa para os alumnos de cuarto curso da sección de Historia. A instalación dos estudos de lingua e literatura galega fíxose afianzando nos anos seguintes e en 1972 Ricardo Carvalho Calero gañou por oposición a cátedra de Lingua e Literatura Galegas que se creou. Ademais, por aqueles anos foi o redactor principal das *Normas ortográficas do idioma galego* (1970) e das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (1971) da Real Academia Galega. En 1979 presidiu a comisión que redactou as *Normas ortográficas do idioma galego* publicadas pola Xunta de Galicia en 1980.

Xa xubilado e libre das ataduras que impón o labor docente, durante a última década da súa vida soñaba con volver de maneira sistemática á creación literaria (cf. Blanco 1989: 195). Esa era e fora sempre a súa gran vocación.

## A súa formación lingüística

Os seus anos de estudante na Universidade de Santiago de Compostela, dada a composición do plano de estudos de Filosofía e Letras que seguiu e o profesorado con quen lle coubo estudar, non puideron reportarlle máis ca unha discreta formación lingüística, que certamente tivo que completar con grandes doses de autodidactismo. No seu paso polas aulas compostelás nos anos vinte e trinta aproveitaríanlle sobre todo as clases de latín de Abelardo Moralejo e as clases de fonética histórica “de tipo menendezpidaliano” que impartía Armando Cotarelo Valledor, que ensinaba lingua e literatura españolas combinándoas coa lingua e a literatura galegas (Fernán-Vello / Pillado Mayor 1986: 42). No tempo do seu ingreso no Seminario de Estudos



Galegos xa asistira a un curso de fonética histórica galega que nesa institución impartira Luís Tobío precisamente co obxectivo de lles facilita-lo estudio desta disciplina ós alumnos de Armando Cotarelo (Fernán-Vello / Pillado Mayor 1986: 44, 52). No Seminario desenvóléronse algunhas das súas primeiras aproximacións ó eido da investigación lingüística, mais con moi pouca coordinación cos seus colegas e con escasos resultados (cf. Blanco 1989: 102).

Nin nos homes de Nós nin nos compañeiros do Seminario de Estudos Galegos encontrou Carvalho Calero mestres nas disciplinas lingüísticas. Como el mesmo dixo, nunca dispuxo o Seminario de lingüistas profesionais de formación especializada e dedicación plena que imprimisen o impulso necesario ós estudos sobre o galego e, por outra parte, nos seus tempos de estudante a Universidade de Santiago non contaba nin cunha Facultade nin cunha Sección de Filoloxía (Carballo Calero 1978e: 11-12). Por esta razón as súas principais fontes de inspiración e formación en materia lingüística foron Meyer-Lübke, Ramón Menéndez Pidal, Dámaso Alonso e outros romanistas españois e portugueses entre os que salienta Vicente García de Diego como autor da primeira gramática histórica galega publicada, os *Elementos de gramática histórica gallega (fonética-morfología)* (1909). De tódolos xeitos, tratouse sempre de influencias que recibiu a través de lecturas, nunca como discípulo directo de ningún romanista (Blanco 1989: 98-100). Esas lecturas lingüísticas, con todo, non se cinxiron ás obras dos clásicos romanistas de orientación historicista e fundamentalmente foneticista, senón que no transcurso da súa vida tamén sentiu interese polas achegas que o estruturalismo foi poñendo sobre a mesa, especialmente desde o ecuador do século XX para diante (Blanco 1989: 125).

Conformarémonos, polo de agora, con estes datos, que poden ser suficientes para o obxecto desta comunicación. Para avanzar máis no coñecemento da formación lingüística de Ricardo Carvalho Calero conviría estudar a fondo a súa biblioteca persoal, analizando as obras que sobre esta disciplina adquiriu e leu o profesor e os diversos sinais que nos poidan dar ideas sobre o aproveitamento que deles tirou; conviría así mesmo, con igual motivo, revisar atentamente as recensións de obras lingüísticas que publicou. Mais ese labor ultrapasa o que son os obxectivos e os límites que son propios dunha comunicación das características da miña e é máis propio dun traballo de pescuda moito máis demorado e ambicioso ca este. Deixareino, por tanto, de lado, pero non me resisto a utilizar esta tribuna para sinalar este prometedor obxecto de estudio, que está á espera do investigador

paciente que saiba tirarlle todo o beneficio que sen dúbida ningunha pode dar.

## Estudioso e vindicador da lingua galega

Tralo que xa levo dito, coido que podo afirmar xa que non foi Ricardo Carvalho Calero un lingüista especializado, un especialista ou un técnico en lingüística, e menos aínda un especialista nalgunha parcela determinada deste saber humanístico. Non o foi, entre outras razóns, porque nunca quixo selo, porque as súas inclinacións intelectuais non eran as dun técnico, senón as dun humanista, e porque os tempos en que se formou universitariamente, e aínda aqueles en que desenvolveu unha boa parte do seu labor profesional, non foron tempos en que en Galicia fose posible tal especialización. Hoxe en día xa non poderíamos manter tal afirmación porque na nosa terra e no mundo en xeral as cousas mudaron moito desde hai uns lustros, tamén no campo dos estudos lingüísticos.

Se antes de 1966 non publicara practicamente nada sobre lingua galega, o ingreso na universidade debeu de facerlle senti-la obriga moral de contribuír a desenvolver na institución que o acollía a investigación lingüística sobre o galego, e a ela respondeu non só mediante as súas propias publicacións, senón tamén a través da elaboración de obras en colaboración con persoas que traballaban canda el na facultade e a través da dirección de traballos desenvolvidos polos seus alumnos. Se a creación e a crítica literarias fluíron da súa pluma espontánea e vizosamente desde os seus anos adolescentes ata os seus últimos días, a súa investigación lingüística parece obedecer máis ben a un compromiso ético coas obrigas universitarias que un home da rectitude de Ricardo Carvalho Calero non podía desatender:

Os meus obxectivos fundamentalmente [como profesor universitario] foron restaurar o interese polo noso idioma, e realicei este esforzo en condicións difíceis, porque apenas se dispoñía de bibliografía especificamente galega entón. *Por iso escribín a miña gramática.* Creio que depois de pasar eu por esa cátedra, ficaron moitos elementos de traballo que son útiles, como esa gramática, a miña historia da literatura, e outros muitísimos traballos que rematei, uns por min só, outros contando coa colaboración de alumnos ou de axudantes (Blanco 1989: 46; as itálicas son miñas).

Como pode verse, da súa *Gramática elemental* di explicitamente que a escribiu para paliar-las condicións de penuria bibliográfica en que tivo



que comezar a desenvolver as súas tarefas como docente universitario. Non se lle podería aplicar o mesmo comentario á súa *Historia da literatura galega contemporánea*, porque xa empezara a traballar nela en 1953; coído que podería dicirse que as motivacións do profesor para escribirla foron máis vocacionais e menos profesionais cás que o moveron a elaborala gramática.

Segundo Carme Blanco (1989: 10), “resulta evidente que a intervención de Carballo en política foi relativamente escasa; que a súa dedicación ao teatro, á narrativa e á lingüística é notable; que o seu cultivo da poesía foi constante e que a súa contribución á crítica literaria é monumental”. Non é tarefa ardua realizar comprobacións cuantitativas ó respecto. Se sumámo-lo conxunto dos seus traballos literarios (creativos ou de crítica) e os comparamos cos lingüísticos, resultará que o número destes é sensiblemente menor có dos primeiros. Tomando como base a “Bibliografía de Carvalho Calero” preparada por Montero Santalha (1993: 211-283)<sup>1</sup>, contabilicei arredor dun 20 % de obras de tema lingüístico, moitas delas recensións (4 % do total) e artigos xornalísticos (8 %); todas estas obras foron publicadas de 1965 en diante, os artigos con especial continuidade a partir de 1977 e moi a miúdo centrados no problema da norma culta do galego e o reintegracionismo. Aproximadamente un 3 % da produción bibliográfica recadada por Montero Santalha está constituído por colectáneas que recollen traballos de lingua e literatura de diversa extensión e formato editorial; algunhas destas colectáneas conteñen moi poucos traballos de lingua, como é o caso de *Estudos rosalianos: aspectos da vida e da obra de Rosalía de Castro* (1979), *Libros e autores galegos: dos trovadores a Valle-Inclán* (1979), *Libros e autores galegos: século XX* (1982) e *Escritos sobre Castelao* (1989).

O propio Carvalho Calero falou con toda a claridade da primixenia vinculación dos seus traballos lingüísticos coa crítica literaria e, así mesmo, da importancia do seu ingreso na universidade en 1965 como desencadeante da súa entrega ó traballo lingüístico:

Eu creio que [...] habería que considerarme [...] filólogo en xeral; non estudaba naquela época [na posguerra inmediata] aspectos da lingua considerados en si mesmos, senón que estudaba a lingua como instrumento de expresión artística. Foi máis tarde cando foi escrita a miña gramática, que entón supuña unha aportazón necesaria ao mercado escolar, porque non había nengunha gramática galega a disposición dos lectores: estaban esgotadas as gramáticas clásicas máis ou menos científicas, a de Mirás, a de Cuveiro, a de Saco e Arce. Entón pedíuseme que

---

<sup>1</sup> Despois de rematado este traballo, apareceu a completísima bibliografía de Carvalho Calero preparada por José Luís Rodríguez (2000: 31-61), que cómpre recomendar. Con todo, considero que, en caso de facer os meus cálculos a partir do artigo de Rodríguez, os resultados non variarían moito.

escribese unha gramática, que se publica no ano 66 e que foi ese libro que experimentou bastantes transformacións (cada dous anos, practicamente, se facía unha nova edición) e entón tiven que considerar a lingua no seu conxunto. E a partir dese momento, si, realicei diversos traballos concretos de tipo lingüístico, como, por exemplo, o relativo ao xerundio persoal galego. Mais con muita frecuencia os estudos lingüísticos que realicei estaban conectados cos estudos literarios, por exemplo, o que se titula "Particularidades morfológicas del lenguaje de Rosalía de Castro", e que foi feito co motivo das miñas oposicións á cátedra de Lingüística e Literatura Galega.

Despois, claro está, unha vez que me encarguei dos estudos de Lingua e Literatura galegas en Santiago a partir do ano 65, profundei en diversos temas do idioma e publiquei moitos traballos, uns máis filolóxicos que lingüísticos, outros máis lingüísticos que filolóxicos. Están recollidos nos meus libros, aínda que non hai ningún libro que recolla exclusivamente traballos de tipo lingüístico, están un pouco dispersos (in Blanco 1989: 96-97).

A traxectoria ten esa dirección: da literatura á lingua, da filoloxía histórico-literaria ou crítica á lingüística en si mesma (in Blanco 1989: 97).

Por outra parte, e isto resulta especialmente importante, a lingua galega foi para Carvalho Calero algo máis ca un obxecto de estudio, algo máis có código idiomático que, como profesor e catedrático da Universidade de Santiago de Compostela, tiña a obriga profesional de estudar e ensinar. A lingua galega foi para el, primeiramente, obxecto de preocupación, de reflexión e de vindicación e, xunto a isto, tamén obxecto de estudio. "Eu pertenzo aos escritores que estudan un material ao que se sinten afectivamente ligados", declaráballe xa xubilado a Carme Blanco (1989: 178); "hai en min unha clara tendencia á defensa da lingua galega e en ocasións, nas realizacións que como profesor de Lingüística e Literatura Galega me teño visto obrigado a levar a cabo, os dous problemas, as dúas caras da cuestión, o aspecto do estudo científico e o aspecto de promoción da lingua aparecen relacionados" (in Blanco 1989: 179). Ricardo Carvalho Calero sentíase inmerso na corrente recuperadora da cultura galega que, partindo do Padre Sarmiento, enlazaba cos homes do seu tempo pasando polas figuras intermedias do Rexurdimento e das primeiras décadas do século XX (Blanco 1989: 101).

Como é lóxico, a súa faceta de vindicador, inseparable da de investigador e profesor, encontrou o medio de expresión máis axeitado



non no artigo de investigación miúda, centrado na análise exhaustiva de cuestións de fonética, fonoloxía, morfoloxía, sintaxe, semántica ou lexicoloxía galegas, senón nos artigos abertos a públicos amplos, os artigos de divulgación rigorosa do coñecemento, os artigos xornalísticos sobre tema lingüístico ou os manuais de alcance xeneralista destinados tanto ó público universitario coma á xente interesada en xeral no coñecemento do idioma galego. Obviamente, tamén cultivou Carvalho o artigo técnico inserido en revistas especializadas en temática lingüística, mais había nel unha patente inclinación divulgadora que se alimentaba do seu compromiso coa recuperación do instrumento lingüístico que estudiaba e ensinaba e que encontraba a recepción necesaria en diversas tribunas da vida pública galega, sempre abertas a unha persoa do prestixio moral e intelectual de que el chegou a gozar.

¿Sobre que cuestións de lingüística galega escribiu Carvalho Calero? ¿Cales foron as materias que máis vivamente o interesaron? ¿Sobre que aspectos reflexionou máis asidua e sistematicamente? Non sendo el, como antes dixen, un especialista, é lóxico que as súas apetencias neste terreo fosen tamén plurais, como por outra parte correspondía a un profesor que inauguraba o ensino da lingua galega dentro da universidade galega e que tiña por tanto a responsabilidade de atender numerosas fronteas. As páxinas que nos legou versan sobre a historia e o porvir da lingua galega, sobre a lingua dalgúns escritores e nomeadamente sobre a de Rosalía, sobre gramática, sobre norma gráfica e morfolóxica, sobre dialectoloxía. Case tódolos temas que tratou se dan cita na súa *Gramática elemental del gallego común* (1966a), unha especie de gramática-río con contidos diversos que ben nos pode servir como vía de entrada e como guía para o coñecemento de moitos e moi principais aspectos da súa obra lingüística.

<sup>2</sup> Interpelado por Carme Blanco (1989: 100) sobre os obxectivos do seu labor científico, respondeu que algúns deles “tiñan un carácter práctico, por exemplo, desta necesidade práctica de dotar aos estudantes e estudiosos de filoloxía galega de instrumentos bibliográficos que non existían, deste propósito naceron tanto a miña *Gramática elemental del gallego común* escrita en castelano, porque os plantexamentos que existían na época en que foi primeiramente concebida así o exixían, e a miña *Historia da literatura galega contemporánea*, que foi a obra de máis empeño que realicei dentro desta dirección” (Blanco 1989: 100).

## **Gramática elemental del gallego común (1966-1979)**

Feita por encargo da Editorial Galaxia (Blanco 1989: 179), concibiuse “fundamentalmente como un manual didáctico y no como un trabajo de investigación” (p. 8, 2ª ed.), “como instrumento de traballo nas clases, nas aulas de Língua Galega que estaban ao meu cargo” (in Fernán-Vello / Pillado Mayor: 175)<sup>2</sup>.

¿Por que se escribiu en castelán? Verbo disto pronunciouse o autor en numerosas ocasións. Explicouno, para empezar, nas páxinas iniciais da

primeira edición: “Habrá de ser tenido en cuenta que la obra se dirige a quienes tienen por lengua natal o escolar el español oficial. Se supone, pues, que el lector conoce la gramática castellana, y la lengua española es el término de referencia de nuestro estudio” (1ª ed., p. 16). É certo que tanto esta declaración coma o subcapítulo que a contiña (“Dificultades para su [do galego común] fijación”) foron eliminados na transición desde a terceira ata a cuarta edición, en que tamén se suprimiron unhas palabras que as tres primeiras edicións presentaban ó final da “Orientación bibliográfica”: “Los títulos que hemos enumerado nos parecen los más interesantes para las personas de lengua castellana que deseen conocer el gallego actual” (p. 262, 1ª ed.). Sen embargo, non parece que estas supresións obedecesen a un cambio de criterio no tocante á orientación da gramática, xa que no prólogo á cuarta edición declaraba explicitamente o seguinte:

[Tódolos usuarios deste libro] conocen el español oficial, que es su lengua escolar, y por lo tanto poseen nociones gramaticales máis o menos profundas de dicha lengua. Partimos de ese supuesto, y, a causa de ello, en general, omitimos la reiteración de lo que es común a la estructura de las dos lenguas, y la española es el término de referencia de nuestro estudio (p. 8).

Eses usuarios que coñecían o español oficial e que o tiñan como lingua escolar eran en principio, como cabe supoñer, aqueles alumnos que cursaban universitariamente a materia de lingua galega, quer na Facultade de Filosofía e Letras, quer nas Escolas Universitarias de Formación do Profesorado. Hai unha referencia explícita a eles no “Prólogo a la cuarta edición”: “Se pide al autor una nueva edición de este libro, que, coordinados los programas de la asignatura de Lengua Gallega en la Facultad de Filosofía y Letras y en las Escuelas Universitarias, pueda ser de utilidad tanto para los alumnos de aquella Facultad como para los futuros profesores de Enseñanza General Básica” (pp. 7-8, 4ª ed.). Mais a obra, como ben se sabe, non se dirixía exclusivamente ó estudante universitario de lingua galega, senón tamén ás persoas que, militantes no galeguismo ou no nacionalismo ou simplemente interesadas polo mundo da cultura galega, encontraron na gramática de Carvalho Calero unha guía útil e unha referencia de autoridade para se introduciren e profundizaren no coñecemento do idioma galego. Estas persoas, no tocante a coñecementos gramaticais, estarían nunha situación semellante á dos estudantes universitarios: “Unos y otros, así como las demás personas cultas que manejen este libro, conocen el español oficial, que es su lengua escolar, y por lo tanto poseen nociones gramaticales máis o menos profundas de dicha lengua. Partimos de ese supuesto, y, a causa de ello, en general, omitimos la



reiteración de lo que es común a la estructura de las dos lenguas, y la española es el término de referencia de nuestro estudio” (p. 8, 4ª ed.).

Así, pois, a decisión de utiliza-lo español como termo de referencia explícase con argumentos de conveniencia didáctica, aínda que tampouco se poden ignora-las limitacións que impoñía o sistema político imperante ata 1975, ás que semellaba referirse Carvalho cando afirmaba que a *Gramática elemental* fora escrita en castelán “porque os plantexamentos que existían na época en que foi primeiramente concebida así o exixían” (Blanco 1989: 100). En calquera caso, intencionalmente buscada ou simplemente forzada, a presenza constante do castelán como punto de referencia non soamente produciu o efecto inmediato de que o autor renunciase de entrada a facer unha gramática descritiva do galego que fose completa e non parcial ou complementaria da castelá<sup>3</sup>, senón que nalgún caso acabou por condiciona-la propia descrición gramatical do galego. Foi isto o que ocorreu cando na cuarta edición (p. 189) se introduciron unhas liñas en que se contemplaban para o galego “contracciones del reflexivo o recíproco se con las formas del pronombre de tercera persona que representan el objeto directo” (*so, sa, sos, sas*), con exemplos como *non so confesaba a sí mesmo, esa verba nunca sa dixeran, eses agarimos nunca sos fixeran o un ao outro e esas contas xa sas botaran*. Na sétima edición mantivéronse estas liñas, pero engadíuselles un parágrafo final que rebaixaba considerablemente o crédito que o lector podía concederlles:

Pero aunque todos estos ejemplos están tomados de la literatura o del uso oral de ciertas comarcas, el gallego común evita en general, como el portugués, estas construcciones, por no sentir verdaderamente al pronombre *se* como capaz de admitir para objeto las formas pronominales *o, a, os, as*, a causa de su valor de signo de pasiva (p. 196, 7ª ed.).

Ó volver a ler estas palabras hoxe, no verán do ano 2000, síntome intrigado por saber cales poderían ser esas fontes literarias ou orais que contiñan usos de *so, sa, sos* e *sas*, contraccións insólitas en galego que, apelando á miña experiencia, soamente me parecen posibles, aínda na actualidade, nun galego urbano fortemente interferido polo castelán.

O efecto inductor do castelán actuou tamén cando, ó trata-los usos dos clíticos *te* e *che*, o autor introduciu os exemplos *non te bebas todo o viño, non se beba vostede todo o viño e cando te fagas un traxe, pide consello ao meu xastre* (p. 203, 1ª ed.), que son calcos evidentes. Na sétima edición, en nota, pasouse a interpreta-los exemplos de *beberse*

<sup>3</sup> En xeral, non sistematicamente, nesta gramática expónse o que é específico do galego e omítese o que ten de común co castelán.



como castelanismos (p. 285), pero, contra o que cabería esperar, tales exemplos non se suprimiron<sup>4</sup>.

Na miña opinión, a arquitectura da obra está tamén afectada polo feito de que, sendo en principio unha gramática descritiva de orientación sincrónica moderna, contén moitos elementos tirados de sincronías pasadas do idioma que tenden a mesturarse inconvenientemente cos da actual e mesmo chegan a condiciona-la descrición do moderno galego común. Xa Santamarina (198?: 194-195) aludiu a este problema, que el ilustrou con tres exemplos: a presunta existencia de vocais longas no galego moderno como consecuencia de previas transformacións de índole fonética (pp. 128-129, 7ª ed.), a presunta existencia de vocais nasalizadas en casos coma *fano* < *fan-no* (pp. 127-128, 7ª ed.) e a mestura de voces antigas e modernas na lista de palabras que se opoñen por teren como vocal tónica /ɛ/ ou /e/ (besta / besta), /ɔ/ ou /o/ (cɔbra/cobra) (pp. 114-117, 7ª ed.). Hai tamén mestura de léxico medieval e moderno (sen indica-las correspondentes cronoloxías) na relación de voces latinas que o castelán e outros romances perderon pero que o galego mantivo como patrimoniais (cf. pp. 50-51 da 4ª ed., 52-53 da 7ª): *domente* e *dementre* < DUM INTERIM, *enxerdar* < EXHEREDĀRE e *ousia* < ABSIDA son palabras exclusivamente arcaicas que non se poden poñer sen advertencias ó pé de *acio*, *basoira* ou *braña*, como tampouco se debe intercala-la voz medieval *refez* ‘ruín’ (p. 56 da 4ª; p. 59 da 7ª) nun listado de arabismos que se conservan na actual sincronía da lingua. Así mesmo, cando se di que “el gallego común reduce a simples todas las vocales largas (dobles) si ello no acarrea confusión de significado: *dor* ‘dolor’, y no *door*; *cor* ‘color’, y no *coor*” (p. 59, 1ª ed.; p. 130, 7ª ed.) estase realmente enunciando unha regra histórica de transformación vocálica, e non describindo un estadio moderno de lingua, posto que *door* e *coor* non se daban en ningunha variedade do galego entre 1966 e 1979, como non fose na obra dalgúns escritores da época, onde en todo caso terían que considerarse arcaísmos.

A *Gramática elemental del gallego común*, como instrumento posto ó servizo da docencia de lingua galega que se impartiu na Universidade de Santiago de Compostela durante a segunda metade da década dos anos sesenta e a década dos setenta, foi transformándose e ampliándose conforme as mudanzas dos tempos e as novas demandas docentes así o esixían. No seu continuado labor de revisión e ampliación Ricardo Carvalho Calero mostrouse como un profesor de lingua empeñado en ir adaptando o instrumento docente que el mesmo creara ás circunstancias cambiantes en que o seu labor tivo que ir

<sup>4</sup> Hai aínda outras pasaxes criticables encadradas nas páxinas en que se expón a doutrina sobre os clíticos. Sorprende, en principio, que o gramático Carvalho non condenase construcións con clítico en posición inicial absoluta coma *me non fale*, *me non mire* ou *me aquecer é o que eu quero* (pp. 211-212, 1ª ed.; pp. 288-290, 7ª ed.). Emporiso, a sorpresa atenúase cando se comproba que este tipo de usos agramaticais apareceu con relativa frecuencia na literatura galega anterior e posterior á Guerra Civil, e que o propio Carvalho Calero incorreu neles, por exemplo, en *A xente da Barreira* (1951), onde pode lerse o seguinte: *se non esmaiarían ao pasar baixo o arco* (Sánchez Rei 1999: 189-193).



realizándose; mostrouse, pois, como un profesor preocupado por se ir poñendo ó día para así cumprir mellor coas súas obrigas docentes.

Con carácter xeral pódese afirmar que, se nas primeiras edicións da gramática eran sen discusión predominantes os aspectos didácticos e gramaticais propiamente ditos, nas seguintes, dada a demanda dos alumnos da Facultade de Filoloxía santiaguesa, o autor foi introducindo cada vez máis contidos de historia da lingua, dialectoloxía e outras materias (Blanco 1989: 181). Así considerada, a *Gramática elemental* de Carvalho resulta equiparable coa portuguesa de Pilar Vázquez Cuesta e María Albertina Mendes da Lus (1949), outro manual universitario corrixido e ampliado en sucesivas edicións e que, alén dos contidos máis propiamente gramaticais, ofrece información sobre xeografía e historia do portugués e tamén, como se sabe, sobre o galego.

Unha análise máis en detalle revela, ó meu modo de ver, que as transformacións que a *Gramática elemental* foi experimentando entre 1966 e 1979 afectaron a propia estrutura da obra, as adicións bibliográficas e de contido que o autor lle foi introducindo e, finalmente, a propia evolución da concepción que Carvalho Calero tiña sobre as relacións entre o galego e o portugués ou, cando menos, o grao de explicitación con que tal concepción se foi formulando nas sucesivas edicións que se publicaron.

As edicións primeira (1966, 266 páxinas) e segunda (1968, 286 páxinas) teñen idéntica estrutura: unha introducción en que se discute e aclara o que se entende por galego común e as dificultades que existen (ou existían) para fixalo, se expoñen algunhas ideas elementais sobre a súa historia e a súa dialectoloxía e se establecen as diferencias entre o rexistro coloquial e o rexistro literario; un capítulo dedicado ás cuestións gráficas, fonéticas e fonolóxicas que se aproxima bastante a unha exposición de fonoloxía histórica de raíz “menendezpidaliana” enriquecida coas notas de dialectoloxía habituais neste tipo de traballos (“Los sonidos”)<sup>5</sup>; un capítulo de estudio das diversas clases de palabras (“Las palabras”), un capítulo en que se abordan fundamentalmente cuestións sintácticas (“Usos y construcciones”) e, para rematar, unha “Orientación bibliográfica” en que non por casualidade son escasos os traballos gramaticais que se citan: á altura de 1966, 1968 e aínda máis tarde pouco máis se podía recomendar cós xa vellos traballos de Mirás, Cuveiro, Saco Arce, Lugrís Freire e algúns outros autores do século XIX e do XX; as seccións bibliográficas de dicionarios e vocabularios bilingües e de “Otros trabajos de interés”

<sup>5</sup> Neste capítulo manéxanse conceptos estruturalistas coma os de *fonema*, *arquifonema* e *neutralización*, mais ó mesmo tempo faise unha descrición do sistema fonolóxico ó xeito tradicional, é dicir, partindo das letras que representan os fonemas e non expoñendo o sistema fonolóxico autonomamente, dando conta dos elementos que o compoñen e das regras de que se dispón para combinalos (Dubert García 2000).

son elecvente testemuño da precariedade de medios con que debía acometerse a docencia universitaria de lingua galega por aqueles tempos e da heteroxeneidade de contidos propia desta obra, pródiga en elementos que nunha consideración estricta deberíamos considerar extragramaticais. A terceira edición (1970, 338 páxinas), mantendo no esencial esta estrutura, incorporou a novidade dun “Índice analítico” (pp. 291-334) que, preparado na parte fundamental por Dolores Fernández Fernández (cf. p. 8, 3ª ed.), foi retirado na cuarta edición “por haber demostrado la experiencia que no ofrece dificultades la consulta del libro sobre la base del índice general” (p. 9, 4ª ed.).

Na cuarta edición (1974, 330 páxinas) desprazouse para o principio a orientación bibliográfica, que aparecía agora enriquecida con comentarios do autor e, por outra parte, vertida nun molde estrutural distinto do anterior: fronte á clasificación temática e por xéneros e, por tanto, híbrida, das tres primeiras edicións (“Estudios generales”, “Dialectología”, “Diccionarios gallego-castellanos”, “Vocabularios castellano-gallegos”, “Otros trabajos de interés”), optábase agora por unha presentación fundamentada no criterio cronolóxico (bibliografía para a época medieval, bibliografía para a época moderna) que ademais viña precedida da consideración do aproveitamento que pode tirarse da consulta da bibliografía sobre o portugués para o estudio do galego, e nomeadamente para o estudio da lingua antiga e da gramática histórica. Esta nova estrutura mantívose xa nas seguintes edicións. A meu parecer, o desprazamento da orientación bibliográfica para o inicio do libro non é senón unha manifestación ostensible da vinculación da *Gramática elemental* co ensino da lingua galega nas aulas universitarias, onde é habitual que os estudantes reciban no inicio do curso as pertinentes orientacións sobre a bibliografía que deberán coñecer e manexar.

Dado que, como se di na páxina 16 da primeira edición, a exposición do que se considera galego común non se debería facer sen consignar as variantes dialectais concorrentes que en cada caso se puidesen sinalar en forma de notas, é lóxico que unha das adicións máis ostensibles que foron incorporando as sucesivas edicións desta gramática fose precisamente a das notas de rodapé, enriquecidas coa información dialectal e a erudición lingüística que a marcha dos estudos sobre o galego ía poñendo ó dispor do profesor Carvalho. A xeito de exemplo pódese recordar aquí que na terceira edición (1970) se introduciu na páxina 153 unha nota 59 con información sobre o uso de *voltádomos ao cimiterio* –é dicir, un xerundio flexionado- nun texto de Castelao; na seguinte edición, aparecida en 1974, a nota ampliouse para



certifica-la vixencia en galego das fôrmas de xerundio flexional: “y se oyen fôrmas como *víndomos* y *séndodes*”. Esta información, da que o autor xa dispoñía parcialmente ó final dos sesenta e que pouco despois puido completar, sería exposta en dous artigos que, aparecidos no ano 1975, seguramente foron elaborados con algunha antelación<sup>6</sup>.

A “Introducción”, que carece de notas na primeira edición, presenta sete na segunda e once na terceira; o capítulo titulado “Los sonidos” progresa desde as vinteseis notas da primeira ata as trinta da segunda, as trinta e seis da terceira e as corenta e tres da cuarta e as seguintes; en “Las palabras” pásase das 208 notas da primeira ás 210 da segunda, as 215 da terceira e as 217 da cuarta e posteriores; por contra, en “Usos y construcciones” a progresión foi moi modesta (8 na 1ª e na 2ª, 11 na 3ª, 10 na 4ª e 12 na 7ª) e mesmo houbo unha diminución entre a terceira edición e a cuarta que se deu como consecuencia da incorporación da extensa nota 9 ó texto principal. Outra intervención importante sobre o aparato de notas que incidiu directamente sobre o acrecentamento do seu volume foi a da súa ampliación e corrección, que non é excesivamente rara e que xa se observa, sen ir máis lonxe, na nota 1 da “Introducción” (ou do capítulo de “Generalidades” a partir da cuarta edición): no paso á entrega de 1970 enriqueceuse con nova información que, evidentemente, debe de estar tirada do artigo titulado “El habla de Goyán”, publicado en 1969 por Manuel Fernández Rodríguez no número 24 de *Cuadernos de Estudios Gallegos*.

Con todo, as adicións non se concentraron no aparato de notas de rodapé, senón que afectaron a toda a obra, aínda que non homoxeneamente a toda ela. Abonda con consulta-los índices correspondentes para percibir de que maneira foi aumentando a extensión dos distintos capítulos do libro. Para os tres centrais a progresión foi algo máis marcada no dedicado ás cuestións fónicas e gráficas e algo máis moderada nos outros dous (con reducións no número de páxinas que deberán imputarse máis a algúns pequenos cambios de formato editorial ca a auténticas reducións de contido):

#### Extensión en páxinas dos tres capítulos centrais

	1ª ed.	2ª ed.	3ª ed.	4ª ed.	7ª ed.
<i>Los sonidos:</i>	40	45	48	48	52
<i>Las palabras:</i>	109	110	113	105	108
<i>Usos y construcciones:</i>	61	65	67	73	67

<sup>6</sup> Trátase de “Xerundio galego con desinencias persoáis” (1975a) e de “No galego de Rianxo existe un xerundio flesional” (1975b).

O aumento de extensión e a transformación foron sen dúbida máis acusados nos capítulos que en sentido puramente espacial chamarei "periféricos", pero só na transición desde a terceira ata a cuarta edición. O que nas tres primeiras edicións se intitula "Introducción" pasa primeiro das 27 ás 30 e logo das 30 ás 33 páxinas, para chegar ata 55 e 54 na cuarta e na sétima edición, onde se denomina "Generalidades" e incorpora un maior número de subcapítulos; entre estas incorporacións son merecentes de especial relevo a das "Modalidades del gallego" (pp. 75-81 da 4ª ed.) e a de "Historia de la lengua" (pp. 81-97 da 4ª ed.), con posta ó día da doutrina relativa á dialectoloxía e á historia da lingua galega. O novo título do subcapítulo de dialectoloxía (nas edicións anteriores titulábase, sobriamente, "Dialectología") proclama que a súa fonte de enriquecemento non foi outra có artigo de Carvalho Calero que, publicado en 1969 na revista *Grial* como "Sobre os dialectos do gallego", foi reeditado como "Modalidades do gallego" na colectánea *Sobre lingua e literatura galega* (1971); o contexto dos respectivos contidos non deixa lugar para a dúbida. Canto á "Historia de la lengua", combina en apertada síntese elementos de historia social do idioma galego, elementos de historia do desenvolvemento secular das súas estruturas fonolóxicas, morfolóxicas e lexicais e elementos de historia da lingua escrita; en boa medida representa un complemento, por veces algo reiterativo, dos subcapítulos titulados "Gallego y portugués" (pp. 58-64), "Gallego y castellano" (pp. 64-70), "El gallego en el Occidente ibérico" (pp. 70-72) e "La fragmentación lingüística del complejo occidental" (pp. 72-73).

A "Orientación bibliográfica", brevíssima en 1966 (4 páxinas), 1968 (5 páxinas) e 1970 (5 páxinas), faise moito máis extensa en 1974 e nos anos en que apareceron as edicións seguintes (26 páxinas). Máis cás indispensables actualizacións periódicas, que nunca deben faltar nas sucesivas edicións dun manual universitario, resultou decisiva para este capítulo a reforma introducida en 1974, cando se pasou a proporcionarlle ó lector unha bibliografía comentada que, como é obvio, facilitaría enormemente a introducción nos estudos de lingüística galega ás persoas non iniciadas e ós estudantes. Con ela non pretendeu Carvalho elaborar un repertorio bibliográfico exhaustivo, aínda que si relativamente completo naquelas áreas da lingüística galega menos cultivadas á altura dos inicios dos setenta (cf. p. 16, 4ª ed.). Nas súas observacións móstrase ben informado non só sobre o contido e a metodoloxía seguidos nas distintas obras que comenta, senón tamén sobre os xuízos que outros lingüistas emitiran ata o momento verbo delas. Neste sentido, coido que se deben poñer

<sup>7</sup> Sínteses de historia externa da lingua galega abundan na obra lingüística de Carvalho Calero. Véxanse, entre outras, Carvalho Calero (1974), Carvalho Calero (1981: 5-24, 25-35) e Carvalho Calero (1983: 7-14, 15-27).



de relevo os seus comentarios sobre os *Elementos de gramática histórica gallega* de Vicente García de Diego (cf. pp. 18-20, 4ª ed.), sobre o *Altportugiesisches Elementarbuch* de Joseph Huber (cf. 22-24, 4ª ed.) e sobre o *Diccionario gallego-castellano* de Francisco Javier Rodríguez (cf. pp. 35-36, 4ª ed.).

Na sétima edición mantívose o mesmo esquema de presentación bibliográfica e introducíronse algunhas actualizacións, mais sempre moi selectivamente, xa que por volta de 1979 o progreso experimentado xa pola produción lingüística galega convertía en inviable todo afán de exhaustividade nun manual elemental coma este:

Ha terminado la época en que todo escrito tenía importancia. Ahora, el que quiera seguir al día la marcha de los estudios sobre el gallego y de las publicaciones para el aprendizaje de la lengua en sus diversos niveles, tiene que estar atento personalmente a las ediciones de monografías y a las reseñas bibliográficas y catálogos de las revistas y las editoriales (p. 12, 7ª ed.).

As mudanzas máis ostensibles, por tanto, introducíronse na cuarta edición e consistiron na ampliación dos contidos de historia da lingua dentro do capítulo que pasou a chamarse “Generalidades” e na introducción de extensos comentarios do autor na orientación bibliográfica. Tendo en conta os sectores en que se verificaron, cabe sospeitar que tales cambios e ampliacións estivesen vinculados cunha posible evolución do pensamento de Carvalho Calero sobre a inserción do galego dentro do contexto iberorrománico, ou ben cunha explicitación e explicación extensa de tales concepcións. Vexámolo.

Recóllense na primeira edición da *Gramática elemental* as seguintes afirmacións:

1. [A lingua dos *Cancioneiros*] era sustancialmente común a los gallegos y a los portugueses. No se puede hablar todavía de gallego y portugués como lenguas diferenciadas.

Sin embargo, las vicisitudes políticas separaron inevitablemente en dos ramas la lengua común. La lengua de los poetas de la llamada escuela gallegocastellana, y la de los escritos en prosa del siglo XIV en adelante es ya una lengua genuinamente gallega que no se puede confundir con el portugués, aunque sea realmente una variante del mismo.

Desde entonces, los diferentes destinos de las dos ramas de la que había sido una sola lengua, aumentaron sus divergencias. Éstas, sin embargo, se reducen casi exclusivamente a la fonética y al vocabulario (p. 28).

2. Resulta [...] en conxunto máis adaptable para o gallego a ortografía castelana que a portuguesa, pois a primeira –si se prescindir do timbre das vogais– pode adoptarse sen máis problemas que a representación do fonema *ʃ* (*x*), de que o castelano moderno carece, e a transcripción da *n* velar en palabras como unha ‘una’ e derivados (p. 29). [...] Sabido o que antecede [que por 1966 estaban abandonados os intentos de distinguir graficamente as vogais de abertura media; que as vogais resultantes de contracción se marcaban diacriticamente con acento agudo, non con circunflexo; que a consoante nasal velar en posición intervocálica se representaba mediante o dígrafo <nh>, “unánime e xa tradicional” en 1966; e que o fonema /*ʃ*/ se representaba por <*x*> porque no seu caso sería “incongruente” o criterio etimolóxico e o modelo do galego medieval ou do portugués “non serve” porque no galego moderno xa non existe o fonema /*ʒ*/ “e non parece lóxico exigir erudición histórica al que escribe”], pode escribir en gallego calquera que sepa facelo en castelano (p. 78).
3. En o seu estado actual, o gallego rústico ten que ser depurado e completado para converterse en lingua literaria. Fora dos castellanismos que se queren excluir, só os arcaísmos e os portuguesismos poden llenar as lagoas que se observan (p. 32).

Na segunda edición e na terceira estas afirmacións reproducense textualmente case sempre. Pouco importancia entraña a substitución do sintagma “en conxunto” da páxina 29 da primeira edición por “en xeral”, que se le na páxina 34 da segunda e na 33 da terceira. Moito máis valor ten, como é obvio, a reveladora supresión da frase “Sabido o que antecede, pode escribir en gallego calquera que sepa facelo en castelano”, que pasou á segunda, pero xa non á terceira edición, a de 1970. Por contra, non se eliminaron ata a sétima (1979) as consideracións ortográficas previas sobre as que tal afirmación se sostíña, e en tal ocasión soamente se alterou o parágrafo relativo á grafización da consoante /*ʃ*/, da que agora se dicía que, aínda que comunmente representada naquela altura histórica por <*x*>, contaba cunha alternativa “etimolóxica máis culta” (p. 150, 7ª ed.) que se valía de <*g*>, <*j*> e <*x*>. Con todo, como sucede no relativo á extensión e á estruturación externa da obra, foi na cuarta edición onde Carvalho Calero introduciu as modificacións máis dignas de relevo no tocante ás súas ideas verbo das relacións entre o galego e o portugués e as consecuencias que de tales concepcións se deberían derivar para a intervención sobre o instrumento lingüístico galego na Galicia contemporánea.

Percíbese, para empezar, unha atinada corrección da observación relativa á lingua da poesía galego-castelá, da que en 1974 pasa a



dicirse que “la lengua de los poetas de la llamada escuela gallegocastellana, ya no mantiene el tradicional contacto con el portugués, sino que se orienta hacia un público castellano” (p. 60). Efectivamente, non podía manterse a equiparación entre a lingua poética híbrida da escola galego-castelá e a lingua da prosa galega do século XIV e posteriores, xa que só a segunda se debe considerar como emanación cultivada, mais non adulterada, do romance galego espontaneamente falado. Non podía sosterse, en definitiva, a afirmación de que a lingua da poesía galego-castelá era “genuinamente gallega”. O propio Carvalho Calero retomará e ampliará estes razoamentos no epígrafe “La lengua de la lírica gallego-castellana” (pp. 89-90), integrado no subcapítulo de “Historia de la lengua”.

Por outra banda, na cuarta edición amplíase o contraste fonético, morfolóxico, sintáctico e lexical entre o portugués e o galego comúns. Este contraste xa se facía nas anteriores edicións, e incluso se fora acrecentando na segunda e mais na terceira; mais agora, na entrega de 1974, ampliábase aínda un pouco máis e dábaselle unha disposición editorial nova, con pequenos epígrafes destacados, que tiña a intención evidente de resaltalo.

A ollada ó portugués desde o galego vai seguida na cuarta edición e seguintes dunha ollada ó castelán (“Gallego y castellano”, pp. 64-70) da que se tira a conclusión de que, a pesar da erosión castelanizadora padecida pola nosa lingua en virtude da dominación que sufriu desde o final da Idade Media, o galego mantén no esencial a súa personalidade, pois “no ha abandonado su familia cognaticia para ser adoptado por el castellano”, senón que “continúa dentro del complejo gallego-portugués, y hoy refuerza su situación la existencia de una literatura y la policía académica que la Universidad y otros órganos culturales ejercen sobre el idioma” (p. 70). Loxicamente, esta orgullosa afirmación de independencia discordaría estrepitosamente coa afirmación de que “resulta [...] en conjunto máis adaptable para el gallego la ortografía castellana que la portuguesa”. Non estraña, por conseguinte, que estas palabras, que xa lle foran severamente censuradas por Pilar Vázquez Cuesta en 1967<sup>8</sup>, se suprimisen a partir da cuarta edición, a de 1974, nin tampouco que a partir dela se engadisen algunhas consideracións “menéndezpidalianas” sobre o “romance ibérico occidental, el gallego-portugués, del que el gallego sería un dialecto” (p. 71). As alternativas conceptuais que nas mesmas páxinas avaliaba Carvalho incidían sempre na vinculación xenética ou histórica entre o galego e o portugués: se é que repugna a etiqueta de “dialecto” para o

<sup>8</sup> Esta autora criticoulle a Carvalho Calero “su sumisa aceptación de una ortografía como la que prácticamente se usa hoy día en las publicaciones gallegas, que tiene demasiados puntos flacos para que haya que admitirla sin discusión” (Vázquez Cuesta 1967: 195). Ó seu modo de ver, a eiva era especialmente grave no terreo da acentuación, porque, ó non se arbitraren medios para distinguir graficamente os graos de abertura dos fonemas vocálicos medios, corríase o risco de imposibilitar unha correcta aprendizaxe da pronuncia galega por parte das persoas castelanfalantes interesadas en dominala.



portugués, poderíase defini-lo iberorromance occidental como un “grupo” que comprende “dos linguas actualmente: el gallego y el portugués” (p. 72); ou ben, na liña defendida por Leite de Vasconcelos (1928-1929: 623-625), “que son dos linguas estrechamente unidas por un orixe común” (p. 73).

Sobre estas ideas volve Carvalho nos epígrafes “El gallego-portugués” (pp. 81-83), “El gallego y el portugués” (pp. 83-86) e “Gallego-portugués y gallego medieval” (pp. 86-89), dos que interesa extraer unha idea xa anteriormente apuntada, mais agora transparentemente asentada:

Pero es sólo la lengua y la poesía trovadoresca, siglos XII-XIV, lo común a Galicia y a Portugal. El desarrollo de la prosa en ambos países a partir de aquel momento en que se extingue el eco de la poesía de inspiración occitánica, muestra cada vez mayores divergencias, leves al principio por lo que se refiere a la lengua, pero muy marcadas desde luego en lo que afecta al ambiente social y al espíritu nacional que reflejan (p. 86).

A consideración do eclipse da lírica trovadoresca como marca ostensible do final dunha etapa na historia das linguas iberorrománicas occidentais e o inicio dunha etapa nova é doada de rastrexar na bibliografía lingüística e literaria anterior e posterior á obra de Carvalho Calero. Aparece tamén, por outra parte, en diversos textos do propio Carvalho distintos da *Gramática*; é o caso, entre outros, do que contén a súa “Introdução á historia da literatura galega” (in Carvalho Calero 1983: 44-53). Nos últimos tempos foi adoptada por Manuel Ferreiro na súa *Gramática histórica galega* (1995), onde fala de “consonantismo medieval trovadoresco” e “consonantismo medieval posttrovadoresco” (pp. 178-182).

Por outra parte, de cara ás consecuencias que as concepcións sobre a historia do galego e os seus vínculos co portugués deberían ter no eido das políticas lingüísticas contemporáneas, revisten grande importancia as ideas que o profesor de Ferrol expresou a propósito de “El gallego medio” (pp. 92-94), “La lengua del Renacimiento” (pp. 94-96) e “La situación actual” (pp. 96-97). Para el, mentres que na transición do galego medieval ó contemporáneo foron espontáneas as mudanzas que afectaron o vocalismo e o consonantismo, produciuse en troques certa castellanización morfolóxica e lexical. Ante esta situación, que en liñas xerais sería aceptada polos escritores que Carvalho denomina “dialectalistas”, xurdiron desde o Rexurdimento “corrientes de resistencia orientadas a frenar la desgaleguización, a seleccionar las concesiones al castellanismo y restaurar incluso las formas tradicionales” (p. 94). Neste labor formarían especial empeño os



“escritores coruñeses de principios del siglo XX” (p. 94) e algúns outros da tradición galeguista, dos que Carvalho, como cabe deducir das súas posteriores declaracións a Fernán-Vello e Pillado Mayor (1985: 179), se sentía continuador<sup>9</sup>.

Podemos afirmar, por tanto, que, no relativo a como se debería intervir no instrumento lingüístico galego do momento, a mudanza no pensamento de Ricardo Carvalho Calero comezou a producirse entre 1970, ano en que apareceu a terceira edición da gramática, e 1974, cando se deu á luz pública a cuarta edición. Foi esa transición a que se saldou coa supresión da afirmación de que “resulta [...] en conjunto máis adaptable para el gallego la ortografía castellana que la portuguesa”. Coido que interesa subliñar e reter este dato porque, aínda que xa no artigo “Sobre os dialectos do galego” de 1969 o profesor expoñía puntos de vista sobre a historia e as relacións do galego e o portugués coincidentes cos de 1974<sup>10</sup>, as consecuencias de aplicación práctica que entón tiraba do contraste fonolóxico e morfolóxico entre as dúas linguas estaban aínda na liña que defendera nas dúas primeiras edicións da súa gramática:

Pero máis importantes son as diferencias fonéticas, que supoñen un obstáculo infranqueable para os que soñan unha unificación total da ortografía dos dous idiomas (Carballo Calero 1969a: 4).

<sup>9</sup> É natural, por tanto, que, contra o que sucedeu con algunhas outras pasaxes, fose mantida ata a sétima edición a terceira das afirmacións da *Gramática* de 1966 que anteriormente transcribín: “En su estado actual, el gallego rústico tiene que ser depurado y completado para convertirse en lengua literaria. Fuera de los castellanismos que se quieren excluir, sólo los arcaísmos y los portuguesismos pueden llenar las lagunas que se observan” (p. 32, 1ª ed.; p. 77, 7ª ed.).

<sup>10</sup> Recórdense, por exemplo, as seguintes palabras: “Ambas linguas foron unha mesma, que por ter xurdido en Galicia se podería chamar galego arcaico; pero tamén os portugueses poderían chamar portugués arcaico, por ser a lingua que se falou antigamente en Portugal. Como bos irmáns, chamáremoslle galego-portugués, e consideráremola a fase primitiva do galego e do portugués actuais. Así as cousas, non convirá dicir que o portugués é un dialecto do galego, nen moito menos que o galego é un dialecto do portugués; senón que o galego e o portugués son dous codialectos ou formas modernas do galego-portugués medieval” (Carballo Calero 1969a: 5).

É certo que afirmar que existen diferencias fonéticas entre o galego e o portugués que converten nun imposible a súa unificación ortográfica non equivale a dicir que o galego debe adoptar fundamentalmente a ortografía castelá. Mais o certo é que esta última opinión, xa publicada en 1966 e 1968, reiterouse aínda na terceira edición da *Gramática elemental*, saída do prelo en 1970, é dicir, un ano despois do artigo “Sobre os dialectos do galego”, que en 1971 se reeditou cunha modificación do título (agora “Modalidades do galego”) mais sen ningunha corrección das palabras anteriormente transcritas. O cambio, pois, comezou a producirse durante os primeiros anos 70 e, claro está, tivo que vir determinado por unha reflexión máis demorada sobre a cuestión esixida pola necesidade, cada vez máis premente, de elaborar normas para a escrita en galego. A elaboración das normas da Real Academia Galega de 1970 e 1971, redactadas polo propio Carvalho Calero, ben puido influír nesta evolución do seu pensamento.

Con todo, a mudanza materializada en 1974 non ía máis alá da supresión dunhas palabras que nesa altura o autor xa non subscribiría. Non dera lugar aínda a unha declaración en positivo, non entrañaba

aínda unha explicitación da necesidade de intervir cunha orientación reintegracionista sobre o instrumento lingüístico galego se é que se quería facer posible a súa salvación. Mais esta explicitación non tardaría xa en chegar, como sen necesidade de buscar moito poderá comprobar quen repase a produción escrita que o profesor Carvalho publicou de 1975 en diante. O 22 de agosto de 1976 apareceu en *La Voz de Galicia* o artigo titulado “O galego desenfreado” (en Carvalho Calero 1981: 65-71), onde daba a voz de alarma sobre o ínfimo dominio que do noso idioma estaban mostrando por aqueles días non poucos escritores oportunistas e redactores ocasionais de manifestos diversos que, aproveitándose do valor de arma política que o galego adquirira durante os tempos da loita contra o franquismo, usaban del sen aprendelo e sen querer aprendelo, “sen posuílo e sen querer posuílo”. Este tipo de reflexións debeu de ir facendo levedar toda a masa previa de ideas que fôra elaborando en anos anteriores. No artigo “Uso e abuso do galego” (1977), ó volver sobre a preocupación que xa manifestara meses atrás en “O galego desenfreado”, introducía ó final unhas palabras en que a declaración de reintegracionismo era ben explícita:

Hai moitas posibilidades para orientar o galego culto: a reintegración ao núcleo orixinario do romance hispánico occidental, que é unha solución, ao meu xucio, realista; a insulación do galego fronte ás linguas irmás, que é unha solución, ao meu xucio, utopista... (Carballo Calero 1977: 215).

De aquí en diante Carvalho Calero foi reiterando, explicando e desenvolvendo o seu ideario reintegracionista ata a súa morte en 1990. Sirvan, a xeito de ilustración, as palabras coas que remataba o seu comentario crítico das *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego* de 1977:

A idea, até hai pouco profesada por tan poucos, de que non estamos sos, e que hai que contar cos demais integrantes da comunidade lingüística galego-portuguesa, ábrese hoxe paso, mesmo ante os que onte adoptaban unha actitude ultradiferencialista. Hai que ser consecuentes, e establecer contacto cos demais membros da familia para lograr unha concordia que homologue o indumento gráfico das nosas falas e nos reintegre de modo espreso na orixinaria xinea, sin perxucio das peculiaridades que unha concordia debe preservar (Carvalho [Calero] 1978b: 110) <sup>11</sup>.

Para min, esta decantación definitiva das súas posicións reintegracionistas foi a razón que o moveu a expresar certas reservas no prólogo á sétima edición da súa *Gramática elemental* (1979), en que, urxido polos

<sup>11</sup> Véxanse outras declaracións de reintegracionismo datadas naquel mesmo ano en Carvalho [Calero] (1978a, 1978b), e tamén no artigo “Non estamos sós”, publicado en *La Voz de Galicia* o 6 de xaneiro de 1978 e recollido en Carvalho Calero (1981: 79-81). Para textos de época máis tardía cf. Carvalho Calero (1983, 1984b, 1990, 1992).



compromisos editoriais, soamente puido efectua-las emendas que estimou “menos aplazables” (p. 11). Tales emendas significaban moito menos do que ó final da década dos setenta demandaba a evolución do seu pensamento. O “concepto do idioma” que da lectura das páxinas da súa gramática se desprendía non era xa completamente o seu naquela altura histórica, aquela gramática non era xa enteiramente súa:

Muchos importantes acontecimientos que afectan a la lengua gallega se han producido desde 1974, fecha de la cuarta edición de este libro, de la que son reproducciones literales la quinta y la sexta.

Esos acontecimientos deben repercutir en la gramática del gallego. Como consecuencia de los estudios científicos y de política lingüística últimamente publicados, nuestro concepto del idioma es máis rico y máis profundo<sup>12</sup>. Pero si incorporásemos al texto de esta edición la totalidad de las fichas que para mejorar o completar nuestra obra fuimos acumulando en el curso de estos cinco años, el libro, sobrecargado de adiciones y correcciones, perdería su equilibrio estructural. Hubiéramos preferido escribirlo totalmente de nuevo, es decir, hacerlo otro, hacer otro (p. 11, 7ª ed.).

Diante disto, non me parece imprudente afirmar que Carvalho Calero presentou esta sétima edición da gramática manifestando publicamente un notable distanciamento respecto dela. A meu parecer, as palabras coas que daba cabo ó seu prólogo, asinadas o 11 de agosto de 1979, definían perfectamente o seu estado de opinión naquel momento e permitían adiviña-lo que a *Gramática elemental* chegaría a ser en caso de que aparecesen novas edicións dela:

Las últimas ediciones de este libro reunían, por lo que se refiere a la flexión verbal, una amplia diversidad de formas, de las cuales elegíamos para situar en el texto las que estimábamos más comunes o más características, y relegábamos a las notas, como dialectales, las restantes. Aunque en materia de normatividad continuamos profesando nuestro viejo liberalismo, la conciencia de que el gallego, como idioma hispánico occidental, no debe volver las espaldas a las otras formas del romance atlántico, nos aconsejaría hoy en algunos casos una distribución distinta. Pero como todo esto es materia opinable, y no sabemos, de momento, qué rumbo inmediato tomará el idioma, no hemos realizado rectificaciones importantes, aunque en las ocasiones en que nos pareció necesario, indicamos los cambios de orientación que se acusan en la lengua literaria. La necesidad de una reintegración del gallego en su mundo originario se nos aparece más clara, y ello nos impondrá en el futuro inevitables retoques.

El mismo criterio determinará ajustes paralelos en otras materias (p. 12, 7ª ed.).

<sup>12</sup> Segundo Montero Santalha (1991: 36), entre estes estudos “últimamente publicados” contaban sobre todo “A recuperación literaria do galego” (1973) de Manuel Rodríguez Lapa e “Sobre a unificación ortográfica galego-portuguesa” (1976) de Joan Coromines.

Vallan dous exemplos como mostra das poucas pero significativas modificacións que acusan un “cambio de orientación en la lengua literaria”. O parágrafo relativo á representación gráfica da consoante fricativa prepalatal xorda, que se mantivera inalterado nas seis primeiras edicións (nas que se rexeitaba por “incongruente” e porque “no sirve” o uso dos tres grafemas <g>, <j> e <x>), pasaba agora a redactarse dun novo xeito, concordante coa disposición favorable a adoptar grafías “máis etimolóxicas” que xa expresara nos artigos “Normas ortográficas e morfolóxicas” e “Novas bases para unha normalización lingüística”, de 1978:

El fonema š se representa por x. Una ortografía etimológica más culta conserva el uso de g o j para representar el fonema sonoro ž, hoy ensordecido (p. 150, 7ª ed.).

A nota 107 da sétima edición presentaba como novidade unha adición relativa ó verbo *decir*: “Actualmente asistimos a la restauración de la forma gallega antigua, con ortografía moderna *dicer*, lo que supone el traslado del paradigma a la segunda conjugación, y el cambio correspondiente de vocal radical” (p. 230, 7ª ed.). Con todo, a forma de infinitivo que se daba como modelo era aínda *decir*, e isto a pesar de que xa un ano antes, en 1978, o autor fixera pública a seguinte afirmación:

Os verbos *escribir*, *recibir*, *decir*, *sufrir* deben pasar decididamente a conxugarse como verbos en *-er*, segundo a auténtica tradición galego-portuguesa: *escreber*, *receber*, *dicer*, *sofrer*. O mesmo outros que conservan a desinencia *-er* no portugués actual (C[arballo] [Calero] 1978b: 109).

Data tamén de 1978 o artigo “Testemunhos gráficos do galego *decer* ‘dizer’” (seguido en 1980 de “Novos testemunhos gráficos do galego *decer* ‘dizer’”), onde é evidente que a recolleita dos testemuños se facía coa intención de reunir argumentos para apoiar a consagración normativa do uso de *dicer* no galego moderno.

Evidentemente, á altura de 1979 Ricardo Carvalho Calero tería que escribir unha nova gramática se é que aspiraba a sentirse plenamente identificado cunha obra dese tipo asinada co seu nome. O manual que elaborara a mediados dos anos sesenta resultáballe ó finaliza-los setenta inevitablemente alleo, distante, a pesar de tódalas transformacións que lle fora introducindo ó longo de trece ou catorce anos de maxisterio universitario e de reflexión sobre a lingua galega<sup>13</sup>.

<sup>13</sup> Coido que con isto non digo nada que non dixese xa o propio Ricardo Carvalho Calero. Ben claramente se manifestaba cando por volta de 1983 ou 1984 lle declaraba a Carme Blanco (1989: 179-180) que xa naquela altura non esperaba publicar novas edicións da gramática. E non o esperaba porque non percibía daquela un ambiente escolar en que a concepción do galego que nela se expoñía puidese ter boa acollida, e tamén –e isto é o que agora máis interesa– porque el mesmo non a escribiría xa mantendo os mesmos postulados con que a escribira orixinalmente. É dicir, de escribirla de novo, explicitaría as súas ideas sobre a necesaria reintegración do galego no sistema do “romance ibérico occidental”, ideas que anteriormente, á parte de non estaren suficientemente estudadas, levantaban moitas suspicacias nas esferas oficiais.



Dito o que antecede, non podemos deixar de lembrar que o propio profesor Carvalho, inquirido por Fernán-Vello e Pillado Mayor (1986: 175-179), deu cumprida razón das “diferentes evoluzóns con respecto ao ‘tratamento’ da lingua” que se observan nas sucesivas edicións da *Gramática*: Na súa resposta afirmaba o autor que a evolución que en tales edicións se pode apreciar é unha evolución rectilínea, xa que aquilo que en 1966 non se podía dicir abertamente foise podendo dicir nos anos subseguintes, se non con total liberdade, si cunha liberdade e unha claridade crecentes. Recoñecía que fixera rectificacións durante os anos transcorridos entre 1966 e 1979, mais tales rectificacións xustificábaas porque durante ese tempo deveu “mais clara a miña informazón sobre o galego e a miña conciencia das características do idioma”. Ademais esas rectificacións, esperables e mesmo laudables en quen mantén unha liña de reflexión prolongada sobre unha determinada materia, nunca chegarían a alterar no esencial un pensamento que se declara continuador e debedor dunha dupla corrente:

1. A da romanística universal, representada por Menéndez Pidal, que sinala tres grandes romances na Península Ibérica: o oriental , o central e o occidental (ou galego-portugués).
2. A tradición galeguista, representada por Castelao, que sinala a irmandade esencial do galego e o portugués e avoga por unha aproximación entre ambos.

En definitiva, para o autor de ningún xeito se podía crer que a sétima edición (1979) da *Gramática elemental* supuxese unha rectificación da edición de 1966, aínda que evidentemente si contiña rectificacións que viñan a se-lo resultado final das diversas intervencións que sobre ela fora realizando ó longo de algo máis dunha década. Na miña opinión, se a edición de 1979 non se pode ler como unha emenda á totalidade da de 1966, cando menos si é certo que a serie de rectificacións parciais que se foron acumulando durante un período de trece anos fixeron da sétima edición algo máis –bastante máis– ca unha versión corrixida e actualizada da primeira. Obviamente, as diferencias serían aínda moito maiores en caso de que o profesor ferrolán se decidise a facer unha gramática completamente nova ó final da década dos setenta. Creo que é esta a razón que explica o feito, para min incuestionable, de que Carvalho Calero publicou a sétima edición da *Gramática elemental* cunha actitude notablemente distanciada dela, con moi importantes reservas, coma se xa non fose súa, enteiraamente súa.

## **Estudio da lingua dalgúns autores e historia do galego escrito.**

Salvo descoñecemento de posibles precedentes pola miña parte, as primeiras páxinas lingüísticas que Ricardo Carvalho Calero publicou na súa vida foron as que, dentro da *Historia da literatura galega contemporánea* (1963), dedicou a analiza-la lingua de diversos escritores, e especialmente a de Rosalía de Castro (pp. 222-226), Eduardo Pondal (pp. 305-307) e Manuel Curros Enríquez (pp. 378-384). Non podemos dicir, en honor á verdade, que fose el o inaugurador deste tipo de estudos dentro do mundo das letras galegas, pois antes de 1963 xa se deran a coñecer, polo menos, un traballo de Alonso Montero sobre “A lingua galega desde Curros” (1951), un de Fernández Pousa sobre “La lengua gallega en Curros Enríquez” (1952-1953), un de Leandro Carré Alvarellos que tamén versaba sobre “A lingua galega en Curros Enríquez” (1959-1961) e un de Aquilino Iglesia Alvariño sobre “Lengua e estilo de Cabanillas” (1959). Mais si podemos dicir, con enteira xustiza, que Carvalho Calero figura en lugar destacado dentro do grupo de estudiosos que a partir da década dos cincuenta comezou a explora-lo terreo da lingua empregada nos textos literarios galegos.

Xa nestas primeiras páxinas lingüísticas se observa unha dupla orientación na mirada crítica do profesor. Interésalle, por unha banda, analiza-lo impacto estilístico que as escollas lingüísticas dos escritores tiveron sobre as súas obras, pero interésalle tamén, de par disto, inseri-las características lingüísticas da produción de cada autor no marco da historia da creación dun estándar literario galego durante os séculos XIX e XX. A primeira preocupación torna evidente que, en primeira instancia, a investigación lingüística de Carvalho é como unha especie de emanación da potente pulsión natural que o impelía a escribir literatura e a escribir sobre literatura. Para analizar criticamente un determinado autor ou unha obra determinada adoitaba prestarlle atención á lingua de tal autor ou de tal obra, con enfoques próximos ós da escola estilística dun Leo Spitzer ou un Dámaso Alonso. E facíao así porque cría que “hai que proxectar unha atención esmerada sobre o idioma dun autor, non só porque interesa en canto que é o instrumento exclusivo de que se vale o literato, senón tamén porque un uso correcto -até onde o uso da palabra corrección cabe cando se fala do uso da lingua- é importantísimo cando estamos construíndo esa mesma lingua literaria en medio de tantas dificultades” (in Blanco 1989: 124).



Coido que quen lea con atención estas palabras encontrará unha confirmación de que o interese polo estudio da lingua dos escritores ía indisolublemente unido para Carvalho ó interese pola historia da constitución do estándar literario moderno, á que dedicou a principios dos anos setenta dous artigos sobradamente coñecidos: “A liña do galego literario” (1972a) e “La constitución del gallego como lengua escrita” (1974). Como ben saben os iniciados nas cuestións de lingüística galega, nestes traballos o profesor ferrolán, considerando as actitudes dos escritores ante a variación dialectal do idioma galego e a práctica que de tales actitudes se foi derivando, propuxo que na historia da constitución do galego como lingua escrita na época contemporánea se poderían distinguir tres fases: unha dialectal, unha interdialectal e, finalmente e como superación das dúas primeiras, unha supradialectal en que en liñas xerais se daría un compromiso entre “la morfología del gallego iriense y la fonología del gallego lucense” (1974: 39). É certo que a isto se pode obxectar que, máis ca fases sucesivas dun proceso, o dialectalismo, o interdialectalismo e o supradialectalismo son tendencias que poden convivir nun mesmo período (Fernández Salgado / Monteagudo Romero 1995: 115). Tamén o é, a meu parecer, que, ó paso que o supradialectalismo non acabou de impoñerse ata a segunda metade do século XX, o dialectalismo e o interdialectalismo conviven dialecticamente polo menos desde os inicios do século XIX (Mariño Paz 1999: 447). Ora ben, quen lea atentamente “La constitución del gallego como lengua escrita” verá que xa o seu autor se decatou de que o dialectalismo e o interdialectalismo non se podían concibir como dúas etapas sucesivas dun proceso separadas por un corte limpo e abrupto entre ambas:

Aunque, como ocurre siempre en la vida, las etapas lógicas no coinciden exactamente con las cronológicas, nos encontramos al principio con escritores que ponen por escrito el gallego de su localidad. Pero ya en Pintos –y antes en Fernández Neira y en Boado Sánchez- late un sentido de la unidad del gallego que, por razones teóricas o prácticas, quiere desembocar en la fijación de una lengua común. Es cierto, sin embargo, que, al principio, de hecho domina el dialectalismo (Carballo Calero 1974: 35-36).

Ó meu modo de ver, dadas estas consideracións, o autor debeu corrixi-la afirmación con que inicia o derradeiro parágrafo do artigo: “El gallego de hoy, superada, aunque imperfectamente, la fase dialectal, y la interdialectal, ha alcanzado la fase supradialectal” (p. 39). Cunha pequena corrección que entrañase a supresión da palabra “fase” eliminaríanse leves matices que, ó desapareceren, farían plenamente asumible a proposta realizada nun traballo que, por outra parte, contén sintéticas observacións



moi atinadas sobre tres tendencias que se mantiveron operativas ó longo de todo o proceso de construción do noso estándar literario: o “diferencialismo”, o “portuguesismo” e o “popularismo”<sup>14</sup>.

De tódolos escritores que estiveron implicados nesta tarefa foi sen dúbida Rosalía de Castro quen máis atraeu a atención de Ricardo Carvalho Calero como lingüista. A ela lle dedicou o opúsculo titulado *Particularidades morfológicas del lenguaje de Rosalía de Castro* (1972b), onde con todo, posto de lado o estudio propiamente estilístico, predomina sen dúbida a orientación netamente lingüística, entregada non tanto (ou non só) a analiza-la contribución da poeta á formación dun galego culto ou literario como a buscar na súa obra indicios do que podería se-lo estado do idioma galego que se falaba na segunda metade do século XIX (cf. p. 15). Por contra, en “A Língua literária em 1880” (Carvalho Calero 1983: 60-65) o autor analiza o que representaron na liña histórica da constitución do noso estándar literario moderno as catro grandes obras que se publicaron en 1880: *Follas novas*, *Aires da miña terra*, *Saudades gallegas* e *Majina, ou a filla espúrea*. O galego literario aínda estaba daquela nun nivel de elaboración moi baixo, moi lonxe das sistematicidades propias das linguas con sólida tradición escrita, fortemente condicionado pola referencia culta do castelán e case totalmente alleo ó modelo que podería fornecerlle a lingua portuguesa.

O interese pola lingua galega escrita, aliado coas técnicas tradicionais da indagación etimolóxica, anima tamén os traballos titulados “*Alomear en Rosalía*” (1966b) e “*Sobre el uso literario de la palabra esgrevio*” (1976).

## Dialectoloxía

É obvio que, dadas as grandes carencias da imprescindible investigación de campo que neste eido padecía o galego cara ó final da década dos sesenta (xa sinaladas no seu tempo por Vázquez Cuesta 1967: 194-195), non podía Ricardo Carvalho Calero elaborar unha descrición dialectal de tanta precisión coma a que, anos despois, feito xa o traballo de base, puido publicar Francisco Fernández Rei (1990). Naquelas circunstancias tal descrición non podería nin sequera aproximarse no detalle á que dúas décadas despois si foi posible facer.

Xa na primeira edición da *Gramática elemental* (pp. 32-36) asentou Carvalho dúas cuestións fundamentais, que despois reiteraría no artigo

<sup>14</sup> Tamén me parece digna de ser recordada a observación de que unha lingua sometida a dominación por outra que lle é estruturalmente próxima corre o perigo de perde-lo seu status de lingua para converterse, ós ollos da xente, nun simple dialecto ou variante da lingua dominante: “Una lengua no escrita se dialectaliza siempre a favor de la lengua escrita que opera en el mismo dominio geográfico. [...] El gallego fue castellanizándose porque al no verse reflejado en el espejo de la escritura, perdió conciencia de sí mismo, y llegó a sentirse como una versión rústica, familiar o vulgar de la lengua oficial. Caminaba, pues, entre el siglo XV y el siglo XIX, hacia su autoinmolación como romance autónomo y su dialectalización por el castellano” (Carvalho Calero 1974: 34). Ideas deste tipo foron elaboradas anos máis tarde –supoño que autonomamente– por Muljačić (1981).



“Sobre os dialectos do galego” (1969a). Por unha parte, observou que, a pesar dos diversos condicionantes históricos que puideron funcionar como factores de disgregación, no caso do galego moderno chama a atención máis a súa unidade cá súa fragmentación; por outra, afirmou que as grandes isoglosas galegas corren no sentido dos meridianos e non no do paralelos, de modo que era errada a proposta de Saco Arce (1968: 190-191), que distinguira un “subdialecto” setentrional e un “subdialecto” meridional, e en troques era esencialmente correcta a proposta de Zamora Vicente (1953: 80), que propuxera distinguir entre un galego “oriental o continental (x y g diferenciadas, distinción de s y θ, terminación -ao) y otro occidental o atlántico (geada, seseo, án)”. De feito, a clasificación dos “dialectos galegos” que Carvalho Calero defendeu en 1969 (suroccidental, noroccidental, central e oriental) débese entender, ó meu xuízo, como un desenvolvemento con correccións e precisións da proposta que Zamora Vicente realizara anos atrás.

Desta clasificación pódese criticar, con Santamarina (1982: 167-168), o feito de que ó galego central non se lle adxudique nela ningún trazo definitorio privativo ou tamén o esvaída que queda a definición do galego noroccidental, que só se singulariza polo trazo exclusivo –ANU > -a (que unicamente contén un grupo reducido de palabras: *meu irmá, o cha, a ma, o vra*) e pola existencia dun sentimento localista ou comarcal dos falantes que facilmente se podería aducir tamén para os doutras moitas terras<sup>15</sup>. Mais, asemade, o artigo “Sobre os dialectos do galego” está adornado cando menos por dúas virtudes que coido pertinente mencionar aquí, sequera laconicamente: primeira, que Carvalho, con bo criterio, negou toda rixidez á súa proposta de clasificación dialectal, que naturalmente admitía a existencia de áreas de transición e mesmo de enclaves lingüísticos; e segunda, que, aínda que no artigo de 1969 falaba de “dialectos”, xa na versión deste artigo publicada en 1971 modificou o título polo de “Modalidades do galego”, que lle conviña máis a un convencemento que realmente xa manifestara no artigo de 1969 (por exemplo, na páxina 6) e que en 1978 expresou así: “as modalidades existentes na fala non presentan caracteres diferenciáis suficientemente marcados para que se atribúan ao galego grupos dialectáis” (Carballo Calero 1978c: 348). As dúas ideas mencionadas seguen hoxe a ser mantidas, coido que sen discusión, entre os especialistas no eido da dialectoloxía galega. Para posibles comprobacións, limitareime a remiti-lo lector interesado á *Dialectoloxía da lingua galega* (1990) de Francisco Fernández Rei.

<sup>15</sup> Tamén Prieto Alonso (1992: 591) cre que as variedades suroccidental e noroccidental poderían unificarse nunha soa variedade occidental que se distinguiría da central polo feito de o resultado patrimonial da terminación latina –ANU non ser –ao, senón –an ou –a.

## Estado presente e porvir posible para a lingua galega.

En feliz expresión sintética contida no prefacio ó libro *Problemas da lingua galega* (1981: 2) afirmaba Carvalho Calero que na primeira parte desta obra se recollían traballos seus que trataban “o tema da esencia e a existencia do galego, procurando no coñecemento do que é aquela, orientación para sugerir o que debe ser esta”. Esta liña de pensamento desenvolvíase de maneira particularmente clara nos traballos “Sobre a nosa lingua” e “Do pasado ao futuro”, onde a reflexión sobre os aspectos fulcrais da historia social da lingua galega desembocaban na formulación de ideas que poderían servir para afrontar os problemas que a asediaban durante os anos da chamada transición democrática<sup>16</sup>. Nesta perspectiva, o reintegracionismo de Carvalho presentábase non como unha doutrina que servise exclusivamente para o consumo interno dos círculos intelectuais galeguistas e nacionalistas, senón como unha toma de posición asentada nunha visión da historia do galego que debería conducir á toma de medidas que asegurasen o seu porvir a través da súa reincorporación ó complexo lingüístico luso-brasileiro. Foi así, desde as súas posicións reintegracionistas, como o noso autor encarou problemas hoxe vitais para a lingua galega coma os relacionados coa constitución de léxicos de especialidade ou tecnoloxía (“O idioma galego e os problemas da linguaxe técnica” e “Química em galego”, en Carvalho Calero 1983: 36-43, 130-132) e a restauración e grafización das formas toponímicas castelánizadas (“A Puebla” e “Rianjo, Viojo, Gesteira”, en Carvalho Calero 1983: 116-117, 136-138; “A Prova do Daiám” e “O testemunho do Marechal”, en Carvalho Calero 1990: 119-121, 123-126).

Ricardo Carvalho Calero entendía que o futuro da lingua galega só se podería garantir se o noso idioma gañase algunha forma de instalación social e política consolidada dentro do marco sociolóxico, legal e político da Galicia actual (Carvalho Calero 1981: 25-35; Blanco 1989: 182-186, 191-192; Fernán-Vello / Pillado Mayor 1986: 237-242). Isto equivalía a afirmar que, sen unha serie de mudanzas sociolóxicas e políticas da Galicia saída do franquismo, non sería imaxinable unha mudanza igualmente seria do esquema do reparto de funcións lingüísticas imperante en Galicia durante séculos. Unha cousa non podía vir sen a outra. É obvio, ó meu entender, que os cambios sociolóxicos e políticos da sociedade galega foron importantes nas dúas últimas décadas; é obvio tamén, creo eu, que tales cambios xa se viñan anunciando desde tempo atrás. Xunto a isto, o reparto de funcións lingüísticas

---

<sup>16</sup> Idéntica orientación se percibe en bastantes textos máis. Cf., entre outros, Carvalho Calero (1983: 7-14, 15-27) e Carvalho Calero (1990: 39-46).



tradicionalmente consagrado en Galicia está hoxe en día cuestionado tanto polo feito de que o galego accedeu a funcións que ata hai pouco non desempeñaba coma polo feito de o castelán estar a penetrar en ámbitos da coloquialidade en que anteriormente non dera entrada. Á luz destas consideracións, as reflexións que Carvalho Calero facía entre os setenta e os oitenta semellan atinadas. O tempo dirá se os galegos seremos quen de conseguir para o galego algún tipo de instalación social, legal e política que poida garanti-lo seu futuro.

## **A OBRA LINGÜÍSTICA DE RICARDO CARVALHO CALERO NO MARCO DA HISTORIA DA LINGÜÍSTICA GALEGA.**

---

En 1967 Pilar Vázquez Cuesta saudou con beneplácito a publicación da *Gramática elemental del gallego común* (1966a), xa que cría que con ela empezaba a paliarse o grave descoñecemento do idioma galego que aínda á altura de mediados dos anos sesenta imperaba no mundo da Romanística. Para a lusitanista galega, a obra do xa daquela profesor da Universidade de Santiago de Compostela resultaba especialmente meritoria se se consideraba a precariedade de medios con que tivera que facela. Das súas palabras parecía desprenderse tamén unha alusión á versatilidade intelectual demostrada por Carvalho, que, sendo fundamentalmente por aquel tempo o gran estudioso da literatura galega, soubera poñerlle o ramo a unha obra lingüística de elaboración tan dificultosa:

El gran conocedor de la Literatura Gallega que es Carballo Calero ha salido airoso de su empeño lingüístico hasta tal punto que difícilmente cabría ponerle reparos si se tienen en cuenta los materiales de que dispone un estudioso del gallego en este año de gracia de 1967 (Vázquez Cuesta 1967: 194).

Por outra parte, ó final dos anos sesenta o aumento da produción escrita en galego que se ía producindo comezaba a facer cada vez máis necesarios os instrumentos que puidesen servir de guía para o correcto uso do idioma. A *Gramática elemental del gallego común* (1966a) de Ricardo Carvalho Calero e o *Diccionario galego-castelán e vocabulario castelán-galego* (1968) de Xosé Luís Franco Grande viñeron a converterse nestes instrumentos, e foron referencias de autoridade principais e case únicas para moitos dos que escribiron en galego entre os finais dos sesenta e os anos setenta. O estado de necesidade en que

estas dúas obras se publicaron explicouno no seu tempo J. M. Viqueira (1969-1971), autor dunha recensión da *Gramática* de Carvalho:

Hoy en día, el gallego está viviendo un resurgimiento literario muy notable, que ya reclama una información gramatical de carácter general. Tanto el que enseña como el que escribe para el público necesitan unas normas coherentes de la lengua que manejan (p. 284).

Esta enorme precariedade e necesidade do contexto político e cultural en que a obra se deu á luz pública torna problemática a súa consideración como unha gramática estrictamente descritiva. É certo que, de entrada, o profesor Carvalho Calero foi transparente ó presentala efectivamente como unha gramática descritiva, tanto nas páxinas iniciais da primeira edición (pp. 9-14) coma, anos despois, no prólogo á cuarta edición, a de 1974:

Esta Gramática fue concebida y ejecutada originariamente en circunstancias que aconsejaban un esfuerzo para describir de forma elemental los caracteres fundamentales del gallego común, aunque este gallego común, en 1966, fecha de la primera edición del libro, fuese más una aspiración que una realidad (p. 7).

É dicir, aínda que a gramática naceu cunha vocación descritiva, o obxecto da súa descrición era aínda tan escorredío, tan inaprensible no momento da súa aparición que, inevitablemente, a propia presentación do que Carvalho Calero entendía como “galego común” acabou por converterse nun factor decisivo para a concreción do que debería entenderse por galego común. Esta gramática, ó querer describir un obxecto que no momento da súa publicación a penas tiña consistencia, contribuíu ó cabo a darlle corpo a ese obxecto, a crealo en boa medida. Máis que a describi-lo galego común, a *Gramática elemental* contribuíu notoriamente a crealo, ou polo menos constituíuse nunha referencia de autoridade que amparou a ratificación de certas escollas ortográficas e morfolóxicas que desde anos atrás se viñan impondo na escrita pola vía dos feitos consumados. O libro, realmente venerado por case todos nos ambientes en que circulaba, non tardou en investirse dun certo carácter normativo ou prescritivo.

Non dispoño do tempo necesario para comproba-la validez desta hipótese, que a unha simple vista mé parece cando menos digna de atención. Para facer tal comprobación necesitaría ampliar significativamente o elenco de fontes consultadas e facer un número de controis e lecturas suficiente para calibra-lo impacto que tivo a



gramática de Ricardo Carvalho Calero sobre o galego escrito de 1966 en diante. Por tanto, deixarei aquí apuntada esta idea coa esperanza de que poida ser retomada no futuro. Estou certo de que quen traballe sobre ela lle poderá render servicios moi estimables á historia do galego escrito e, en definitiva, á historia da lingua galega.

Habería que enmarcar nesta mesma perspectiva o papel protagonista desempeñado por Carvalho Calero no desenvolvemento do reintegracionismo durante o último cuartel do século XX. Ou, en realidade, o que habería que facer, o que aínda está sen facer, é unha historia do reintegracionismo dentro do proceso contemporáneo de rehabilitación social e política da lingua galega e, máis en concreto, dentro do proceso de construción dun estándar que non está aínda completamente fixado no limiar do século XXI. Nesa historia que alguén terá que escribir Ricardo Carvalho Calero deberá recibir unha atención destacada, tanto ou máis destacada cá que reciban un Johan Vicente Viqueira ou un Manuel Rodrigues Lapa. Materiais para acomete-la obra, desde logo, non faltan.

Finalmente, coido que as miñas impresións sobre a obra lingüística (e non lingüística) de Carvalho Calero concordan coas que o propio autor manifestou nas conversas que mantivo con Carme Blanco e mais con Miguel Anxo Fernán-Vello e Francisco Pillado Mayor. O eclecticismo en métodos e contidos que se aprecia na súa *Historia da literatura galega contemporánea*, eclecticismo que el mesmo lle recoñecía a Carme Blanco (1989: 170-171), apréciase tamén na súa *Gramática*. Carvalho non era nin quixo nunca ser un home "á moda", preocupado por incorporar á súa obra as últimas tendencias en materia de investigación e análise lingüística ou en materia de crítica literaria (cf. Fernán-Vello / Pillado Mayor 1986: 158-159). Por tanto, traballou sempre libre das servidumes autoimpostas en nome de supostos imperativos derivados de orientacións científicas ríxidas e, en definitiva, esterilizantes. E desta forma, por riba da variedade de enfoques e de temas abordados que se advirte en cada un dos seus dous libros maiores, percíbese nitidamente tamén a unidade metodolóxica e conceptual de fondo con que o profesor se dedicou á crítica literaria e á investigación lingüística. Coma o conxunto da súa obra, os traballos que realizou dentro do ámbito académico distínguense por presentaren unha indeleble marca persoal.

No terreo lingüístico creo que, máis ca un investigador vocacional, foi un docente, un divulgador, un ensaísta e un polemista excepcionalmente dotado. O pulo creador da pescuda, da procura do dato, do rexistro de

arquivos e bibliotecas, da descuberta e catalogación de mundos novos, satisfíxoo apaixonadamente durante as horas incontables que investiu nos traballos preparatorios da súa *Historia da literatura galega contemporánea*. En troques, creo non ser inxusto se digo que na súa *Gramática elemental del gallego común*, aínda non faltando en absoluto as achegas persoais, hai máis ben un esforzo de recolla e peneira crítica de bibliografía precedente, fose esta a constituída pola feble tradición gramatical galega anterior a el ou a producida pola reflexión fonolóxica, morfolóxica e sintáctica desenvolvida por lingüistas inseridos noutros ámbitos territoriais. É en última instancia esta a razón que me inclina a pensar que, se no seu tempo a proxección e influencia social que ámbalas obras tiveron foi similar, o paso dos anos privilexará –está privilexiando xa, creo eu– a *Historia da literatura galega contemporánea*, xustamente porque foi o libro máis persoal e máis homoxéneo de todos cantos Ricardo Carvalho Calero produciu no ámbito da investigación lingüístico-literaria: un libro que, elaborado en soidade e na carencia case absoluta de antecedentes parangonables no seu terreo, inaugurou en Galicia o estudio sistemático e rigoroso da historia dos nosos escritores e das nosas obras literarias contemporáneas.

## OBRA LINGÜÍSTICA FUNDAMENTAL DE RICARDO CARVALHO CALERO<sup>17</sup>

Carballo Calero, R. (1966a): *Gramática elemental del gallego común*. Vigo: Galaxia, 266 pp.; 2ª ed., 1968, 286 pp.; 3ª ed., 1970, 338 pp.; 4ª ed., 1974, 330 pp.; 7ª ed., 1979, 346 pp.

Carballo Calero, R. (1966b): “Alomear en Rosalía”, *Cuadernos de Estudios Gallegos* 21, pp. 258-252. Reproducido en *Sobre lingua e literatura galega*. Vigo: Galaxia, 1971, pp. 236-242. Reproducido como “Alomear em Rosalia” en Carvalho Calero (1983: 95-98).

Carballo Calero, R. (1967): “Nota sobre alomear”, *Cuadernos de Estudios Gallegos* 22, 67: 254-256.

C[arballo] C[alero], R. (1968a): “Geada”, *Grial* 99-100. Reproducido e aumentado en *Sobre lingua e literatura galega*. Vigo: Galaxia, 1971, pp. 229-232.

<sup>17</sup> Para información máis completa cf. Montero Santalha (1993: 211-283) e Rodríguez (2000: 31-61).



- Carballo Calero, R. (1968b): "O galego na Universidade", in *O porvir da lingua galega*: 39-46 (Lugo: Círculo de las Artes).
- Carballo Calero, R. (1969a): "Sobre os dialectos do galego", *Grial*, 23: 1-15. Reproducido como "Modalidades do galego" en *Sobre lingua e literatura galega*. Vigo: Galaxia, 1971, pp. 211-228.
- Carballo Calero, R. (1969b): "Un manuscrito de D. Mariano Cubí y Soler (Observaciones sobre el gallego y otras curiosidades lingüísticas)", *Cuadernos de Estudios Gallegos* 24, 72: 275-289. Reproducido como "Um manuscrito de Dom Mariano Cubí y Soler (Observaçõs sobre o galego e outras curiosidades lingüísticas)" en Carvalho Calero (1983: 84-94).
- C[arballo] C[alero], R. (1971): "Proviço e proviso", *Grial*, 33: 380-381. Reproducido en *Sobre lingua e literatura galega*. Vigo: Galaxia, 1971, pp. 233-235. Reproducido en Carvalho Calero (1981: 135-137).
- Carballo Calero, R. (1972a): "A liña do galego literario", *Grial*, 36: 129-137. Reproducido como "A linha do galego literário" en Carvalho Calero (1981: 53-63).
- Carballo Calero, R. (1972b): *Particularidades morfológicas del lenguaje de Rosalía de Castro* (Santiago de Compostela: Universidade).
- Carballo Calero, R. (1974): "La constitución del gallego como lengua escrita", *Verba*, 1: 31-40. Reproducido como "A constituíçom do galego como língua escrita", en Carvalho Calero (1981: 37-51).
- Carballo Calero, R. (1975a): "Xerundio galego con desinencias persoáis", en J. M. Navarro / M. Studemund / H.-J. Niederehe (eds.): *Filología y didáctica hispánica. Homenaje al Profesor Hans-Karl Schneider* (Hamburg: Helmut Buske, 1: 29-31).
- Carballo Calero, R. (1975b): "No galego de Rianxo existe un xerundio flesional", *Grial*, 50: 497-499. Reproducido como "Um exemplo de gerúndio flexional" en Carvalho Calero (1981: 129-133).
- Carballo Calero, R. (1976): "Sobre el uso literario de la palabra *esgrevio*", *Verba*, 3: 35-44. Reproducido como "Sobre o uso literário da palabra *esgrêvio*" en Carvalho Calero (1983: 35-44).



Carballo Calero, R. (1977): "Uso e abuso do galego", *Grial*, 56: 213-215. Reproducido en Carvalho Calero (1981: 72-77).

C[arballo] [Calero], R. (1978a): "Normas ortográficas e morfolóxicas", *Grial*, 59: 98-102. Reproducido como "Normas ortográficas e morfológicas" en Carvalho Calero (1981: 94).

C[arballo] [Calero], R. (1978b): "Novas bases para unha normalización lingüística", *Grial*, 59: 103-110. Reproducido como "Novas bases para umha normalizaçom lingüística" en Carvalho Calero (1981: 95-108).

C[arballo] [Calero], R. (1978c): "Sobre dialectoloxía do galego", *Grial*, 61: 348-353. Reproducido como "Sobre dialectologia do galego" en Carvalho Calero (1981: 121-128).

Carballo Calero, C. (1978d): "Testemunhos gráficos do galego *decer* 'dizer'", *Verba*, 5: 101-112. Reproducido parcialmente como "Testemunhos gráficos do galego *decer*" en Carvalho Calero (1981: 146-147).

Carballo Calero, R. (1978e): "Testemuñas e perspectivas en homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos. O idioma", *Cuadernos do Laboratorio de Formas de Galicia*, 5: 11-19. Reproducido como "O idioma no Seminário de Estudos Galegos" en Carvalho Calero (1981: 111-120).

Carballo Calero, R. (1979): "Sobre a nosa lingua", *Grial*, 64: 140-152. Reproducido como "Sobre a nossa língua" en Carvalho Calero (1981: 5-24).

Carballo Calero, R. (1980a): "A fortuna histórica do galego", en L. V. Aracil et al.: *Problemática das linguas sen normalizar. Situación do galego e alternativas*: 15-27 (Santiago: Xistral). Reproducido en Carvalho Calero (1983: 15-27).

Carballo Calero, R. (1980b): "Novos testemunhos gráficos do galego *decer* 'dizer'", *Verba*, 7: 203-207.

Carballo Calero, R. (1985): "Un diálogo gallego de 1837", en J. Montoya Martínez / J. Paredes Núñez (eds.): *Estudios románicos dedicados al profesor Andrés Soria Ortega en el XXV aniversario de la Cátedra de Literaturas Románicas*, 1: 55-70 (Granada: Universidad).



- Carvalho Calero, R. (1981): *Problemas da língua galega* (Lisboa: Sá da Costa).
- Carvalho Calero, R. (1983): *Da fala e da escrita* (Ourense: Galiza).
- Carvalho Calero, R. (1984a): "Evolução histórica da língua galega", *O Ensino*, 7/10: 189-194.
- Carvalho Calero, R. (1984b): *Letras galegas* (A Coruña: AGAL).
- Carvalho Calero, R. (1985a): "O problema ortográfico", *Agália*, 2: 127-134. Reproducido en Carvalho Calero (1990: 27-37).
- Carvalho Calero, R. (1985b): "Para umha história da ortografia galega: A ponência de 1979", *Agália*, 2: 223-233.
- Carvalho Calero, R. (1986a): "Sobre a situação do galego", *ICALP-Revista*, 4: 50-57. Reproducido como "A situação do galego" en Carvalho Calero (1990: 39-46).
- Carvalho Calero, R. (1986b): "Situação presente e orientação futura dos problemas gerais da nossa língua", *Agália*, 7: 251-260. Reproducido en Carvalho Calero (1990: 47-59).
- Carvalho Calero, R. (1989): "Bilingüismo e reintegracionismo nas cartas cruzadas entre Castelao e Sánchez Albornoz", en *Actas do II Congresso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza (Ourense, 1987)*: 887-900 (Santiago – Ourense: AGAL).
- Carvalho Calero, R. (1990): *Da Galiza e do galego* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- Carvalho Calero, R. (1992): *Umha voz na Galiza. Artigos de jornal (1933-1989)* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

---

Alonso Montero, J. (1951): "A lingua galega desde Curros", *Colección Grial*. Vigo: Galaxia, 3, pp. 69-73.

Alonso Montero, X. (1991): "Unha gramática galega escrita na prisión", in *Informe(s) sobre a lingua galega (presente e pasado)*: 131-132 (Vilaboa: Edicións do Cumio).

Blanco, C. (1989): *Conversas con Ricardo Carballo Calero* (Vigo: Galaxia).

Carballo Calero, R. (1963): *Historia da literatura galega contemporánea* (Vigo: Galaxia).

Carré Alvarellos, L. (1959-1961): "A lingua galega en Curros Enríquez", *Boletín de la Real Academia Gallega*, 29: 104-126.

Coromines, J. (1976): "Sobre a unificación ortográfica galego-portuguesa", *Grial*, 53: 277-282.

Dubert García, F. (2000): "Sons e letras nas Gramáticas clásicas do galego", en J. L. Rodríguez (ed.): *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, 1: 463-476 (Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia / Universidade de Santiago de Compostela).

Fernán-Vello, M. A. / F. Pillado Mayor (1986): *Conversas en Compostela con Carballo Calero* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).

Fernández Pousa, R. (1952-1953): "La lengua gallega en Curros Enríquez", *Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos*, 58 (1952): 353-381; 59 (1953): 229-242.

Fernández Rei, F. (1990): *Dialectoloxía da lingua galega* (Vigo: Xerais).

Fernández Rodríguez, M. (1969): "El habla de Goyán", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 24, 72: 194-205.

Fernández Salgado, B. / H. Monteagudo Romero (1995): "Do galego literario ó galego común. O proceso de estandarización na época contemporánea", en H. Monteagudo (ed.): *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*: 99-176 (Vigo: Galaxia).



- Ferreiro, M.: (1995): *Gramática histórica galega* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Franco Grande, X. L. (1968): *Diccionario galego-castelán e vocabulario castelán-galego* (ed.) (Vigo: Galaxia).
- Iglesia Alvariño, A. (1959): "Lengua e estilo de Cabanillas", en R. Cabanillas: *Obra completa*: 873-921 (Buenos Aires: Galicia).
- Lapa, M. Rodrigues (1973): "A recuperación literaria do galego", *Colóquio Letras*, 13: 5-14.
- Mariño Paz, R. (1999): *Historia da lingua galega*. 2ª ed. (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- Montero Santalha, J.-M. (1991): "Carvalho Calero e a lingua portuguesa da Galiza", en X. Carballa et al. (coords.): *Ricardo Carvalho Calero: a razón da esperanza*: 32-40 (Vigo: Promocións Culturais Galegas).
- Montero Santalha, J. M. (1993): *Carvalho Calero e a sua obra* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Muljačić, Ž. (1981): "Il termine lingue distanziate apparentemente dialettalizzate e la sua rilevanza per la sociolinguistica romanza", *Studia Romanica et Anglica Zagabiensa*, 26: 85-101.
- Prieto Alonso, D. (1992): "As ideas lingüísticas do professor Carvalho Calero: variação lingüística e historia da lingua", en M. do Carmo Henriques Salido (ed.): *Actas do III Congreso Internacional da lingua galego-portuguesa na Galiza, 1990. Em homenagem ao professor Carvalho Calero*: 583-592 (A Coruña: AGAL).
- Rodríguez, J. L. (2000): "Historia do volume, cronobiografía, Carvalho e a Universidade, bibliografía activa e passiva", en J. L. Rodríguez (ed.): *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, 1: 21-70 (Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia / Universidade de Santiago de Compostela).
- Saco Arce, J. A. (1868): *Gramática gallega* (Lugo: Soto y Freire; Ourense: Tanco, 1967<sup>2</sup>).
- Sánchez Rei, X. M. (1999): *Se o vós por ben teverdes. A interpolación pronominal en galego* (Santiago de Compostela: Laiovento).

- Santamarina, A. (1982): "Dialectoloxía galega: historia e resultados", in D. Kremer / R. Lorenzo (eds.): *Tradición, actualidade e futuro do galego. Actas do Coloquio de Tréveris (13 a 15 de novembro de 1980)*: 153-187 (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia).
- Santamarina, A. (198?): "Gramática", en *Gran Enciclopedia Gallega*, 16: 191-195 (Santiago / Gijón: Silverio Cañada).
- Vasconcelos, J. Leite de (1928-1929): *Opúsculos*. 4 vols. (Coimbra: Imprensa da Universidade).
- Vázquez Cuesta, P. (1967): "A propósito de la Gramática Gallega de Carballo Calero", *Grial*, 16: 192-196.
- Vázquez Cuesta, P. / M. A. Mendes da Luz (1949): *Gramática portuguesa* (Madrid: Ricardo Aguilera); 2ª ed.: Madrid: Gredos, 1961; 3ª ed.: Madrid: Gredos, 1971.
- Viqueira, J. M. (1969): recensión de R. Carballo Calero (1966): *Gramática elemental del gallego común*. Vigo: Galaxia, en *Revista Portuguesa de Filologia*, 15: 283-286.
- Zamora Vicente, A. (1953): "De geografía dialectal: -ao, -an en gallego", *Nueva Revista de Filología Hispánica*, 7: 73-80. Reproducido en *Estudios de dialectología hispánica*. Anexo 25 de *Verba*. Universidade de Santiago de Compostela, 1986, pp. 27-34.